O permiso especial de vertido tramitarase tamén de xeito independente nos supostos en que o exercicio da actividade non estea sometido a licenza ou autorización previa.

4. No suposto de actividades suxeitas a autorización ambiental integrada, o concello ou administración xestora do servizo pronunciarase sobre a posibilidade do vertido das augas residuais ó sistema público municipal de saneamento e depuración a través do informe previsto no procedemento de concesión da dita autorización ambiental. O permiso especial de vertido entenderase concedido mediante este informe, que o indicará expresamente, cando a documentación remitida ó concello sexa suficiente para a concesión de permiso e se axuste ó establecido na presente ordenanza. En caso contrario, o informe sinalará as deficiencias que deben corrixirse para a obtención do permiso municipal de vertido e o procedemento para a súa solicitude.

5. No suposto de vertidos a redes de saneamento sen depuración posterior que poidan supoñer unha especial incidencia para a calidade do medio receptor, o concello (ou, de ser o caso, a administración xestora do servizo municipal de saneamento e depuración) deberá obter con carácter previo ó outorgamento do permiso un informe preceptivo do organismo de conca correspondente.

6. A tramitación do permiso de vertido, cando se realice separadamente da licenza da obra ou actividade, rexerase polo establecido na lexislación de procedemento administrativo común. O prazo máximo para ditar resolución será de tres meses dende a recepción no rexistro xeral do concello ou administración xestora do servizo da solicitude coa documentación completa. Transcorrido o dito prazo sen que se ditara e notificara a resolución, a solicitude entenderase denegada por silencio administrativo, ó tratarse dun permiso que outorgaría ó solicitante a facultade de utilizar bens de dominio e servizo público.

No resto de supostos, a tramitación dun permiso de vertido rexerase pola normativa específica do procedemento no que se insira a súa tramitación e concesión.

7. A resolución do procedemento concederá ou denegará o permiso de vertido. A denegación será sempre motivada por referencia ó incumprimento do establecido na presente ordenanza.

8. No caso de outorgamento do permiso de vertido ó sistema público de saneamento a resolución incluirá, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Os límites máximos admisibles das características cualitativas do vertido.

b) Os límites cuantitativos do volume do vertido, indicando o caudal medio e o caudal máximo en metros cúbicos por hora ou, de ser o caso, por día.

c) A obriga de instalar, no prazo máximo de seis meses dende a notificación da resolución, unha arqueta, facilmente accesible e identificable, que permita as tarefas de inspección e control recollidas na resolución de permiso de vertido.

d) A obriga de instalar na dita arqueta un elemento de aforo do caudal de vertido, cando este e o caudal de abastecemento sexan diferentes ou cando se trate do vertido á rede de augas recollidas en sotos ou baixos ou procedentes de mananciais por infiltración.

9. O permiso de vertido ó sistema de saneamento poderá, ademais, establecer motivadamente limitacións, condicións e garantías en relación con:

a) Horario de vertido

b) Definición de instalacións de tratamento previo do vertido que resulten necesarias para acadar as condicións cualitativas ou cuantitativas impostas e prazo de execución delas.

c) Poderanse establecer excepcións temporais dos requirimentos do anexo II, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento nun prazo determinado dende a notificación da resolución. Tamén poderán establecerse excepcións motivadas pola baixa saturación do sistema, tendentes a aproveitar ó máximo as súas capacidades de depuración, e, de ser o caso, delimitadas no tempo ou na carga.

d) Realización de autocontrois por parte do titular do permiso, nos supostos de vertidos que comporten un risco elevado de impacto sobre os sistemas de saneamento e depuración.

e) A obriga de instalar os medios necesarios para a toma de mostras.

f) A realización de programas de seguimento do vertido.

g) A obriga de remitir informes periódicos ó concello ou administración pública xestora do servizo.

10. O outorgamento do dito permiso faculta ós mencionados usuarios para realizar vertidos de augas residuais ó sistema público de saneamento unicamente nas condicións establecidas no propio permiso. Calquera modificación substancial nas características do vertido esixirá a solicitude da oportuna modificación do permiso, que se tramitará conforme ó establecido no presente artigo.

11. En ningún caso o outorgamento do permiso de vertido pode comprometer a consecución dos obxectivos de calidade do medio receptor do efluente depurado do sistema de saneamento e depuración.

12. Os permisos de vertido outorgaranse por un período máximo de oito anos, renovables por idénticos períodos mediante o procedemento de revisión regulado no artigo 10.

Nos supostos de usuarios sometidos a autorización ambiental integrada, a vixencia do permiso someterase ó prazo da dita autorización ambiental.

13. A inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións do permiso de vertido corresponde ó concello ou administración xestora do servizo municipal de saneamento e depuración, sen prexuízo da intervención de Augas de Galicia na súa función de alta inspección.

Artigo 10. Revisión do permiso do vertido

1. O permiso de vertido ó sistema de saneamento deberá revisarse, previa audiencia do interesado, nos seguintes supostos:

a) Cando se alteren substancialmente as circunstancias que motivaron o seu outorgamento, ou cando sobreviñeran outras circunstancias que, de existir anteriormente, xustificarían a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.

b) Cada oito anos, ó vencemento do seu período de vixencia.

2. Entenderase que se dan as circunstancias previstas no apartado l.a) do presente artigo nos seguintes casos:

a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións axeitadas.

b) Cando o efecto aditivo de vertidos das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas ditas condicións axeitadas.

3. No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións do vertido ó sistema, o concello ou administración xestora do servizo poderá conceder ó titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá dun ano a contar dende a aprobación da revisión.

4. Se o titular do permiso non realizase as modificacións no prazo que ó efecto lle indique a entidade xestora, declararase a caducidade do permiso do vertido, sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

5. En ningún caso a revisión do permiso de vertido comportará para o seu titular dereito a indemnización ningunha.

6. O procedemento de revisión dos permisos iniciarase de oficio cando se produza o suposto previsto no artigo 1.a) do presente artigo, e seis meses antes do vencemento do prazo de vixencia de oitos anos de cada permiso.

7. O procedemento de revisión consistirá na comprobación material da suficiencia do proxecto de vertido executado para garantir as finalidades establecidas na presente ordenanza e a determinación das medidas correctoras necesarias, de ser o caso, que deberán adoptarse obrigatoriamente polo usuario do permiso revisado. Para a revisión do permiso deberán levarse a cabo as inspeccións, análises e comprobacións en cada caso necesarias, cuxo contido recollerase nun informe técnico que formulará proposta de resolución, con indicación das medidas correctoras que se estimen precisas. Do dito informe, así como das actuacións que integren o expediente de revisión, darase audiencia ó interesado con carácter previo á resolución, que deberán ter en conta, en todo caso, as alegacións que o interesado poida formular durante o dito trámite.

Artigo 11. Caducidade do permiso de vertido

1. O permiso de vertido ó sistema de saneamento e depuración caducará nos seguintes supostos:

a) Como consecuencia da anulación, revogación ou caducidade da autorización

b) Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar o vertido ás condicións establecidas no permiso.

c) En virtude de sanción administrativa

2. A caducidade do permiso de vertido declararase mediante resolución expresa e motivada do concello ou administración xestora do servizo, previo expediente con audiencia do interesado. No suposto en que se trate dunha medida sancionadora, declararase a través do correspondente procedemento sancionador.

Artigo 12. Obrigas do titular do permiso de vertido

O titular do permiso de vertido debe cumprir as obrigas seguintes:

a) Comunicar de xeito inmediato ó concello ou administración xestora do servizo calquera avaría do proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente á calidade do vertido ó sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na dita calidade.

b) Comunicar ó concello ou administración xestora do servizo calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas do vertido, ós efectos de proceder, de ser o caso, á modificación do permiso.

c) Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten do plan de seguridade do sistema previsto no artigo 16 desta ordenanza.

Artigo 13. Vertidos non canalizados

1. Son vertidos non canalizados aqueles que chegan ás instalacións de depuración a través de medios de transporte que non son nin tubos nin canles. Este tipo de vertidos terá a consideración de vertido extraordinario.

2. Para efectuar vertidos ás instalacións de depuración mediante sistemas non canalizados será necesario que, sen prexuízo dos permisos ou autorizacións esixibles de conformidade coa lexislación aplicable en materia de residuos, o posuidor do vertido obteña un permiso especial de vertido outorgado polo concello ou administración xestora do servizo. O permiso especial de vertido tramitarase conforme ó establecido no artigo 9 desta ordenanza, adaptándose a documentación integrante do proxecto de vertido ás características do vertido non canalizado. A súa vixencia será de oito anos, e permitirá realizar durante este tempo vertidos periódicos nas condicións que recolla o propio permiso.

3. En todo caso, este tipo de vertidos deberá respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II desta ordenanza. Non obstante o anterior, os vertidos procedentes de fosas sépticas municipais ou de uso doméstico, ou das limpezas dos sistemas públicos de saneamento estarán exentos de cumprir as prescricións do anexo II no referente ós parámetros DQO, DBO, MES, sulfuros, aceites e graxas e as diferentes formas de nitróxeno e fósforo contempladas no anexo II desta ordenanza. A mesma exención aplicarase ós vertidos non canalizados ós que poida resultar de aplicación o disposto no artigo 9.9.c).

4. En todo caso, a realización efectiva destes vertidos pautarase de acordo coas indicacións técnicas que procedan, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso de depuración. En ningún caso poderanse engadir estes vertidos non

canalizados cando a estación depuradora se atope próxima ó límite ou saturada en canto á carga contaminante a tratar.

Capítulo III. Normas de xestión do servizo

Artigo 14. Censos de vertidos ó sistema

1. O concello ou administración xestora do servizo levará un censo de vertidos ó sistema no que inscribirá os vertidos sometidos a permiso, e no que deberán constar, como mínimo, os seguintes extremos:

- Nome, enderezo, CNAE e NIF do titular do permiso.
- Datos básicos do caudal de auga de abastecemento e de vertido.
- Condicións básicas do permiso, incluíndo a situación con coordenadas UTE e o acceso ó punto de vertido.
- Situación administrativa do permiso.

2. O censo incluirá tamén os vertidos non canalizados ós que se refire o artigo seguinte.

3. O censo de vertidos dos sistemas públicos de saneamento estará a disposición da administración hidráulica de Galicia, e, de ser o caso, da do Estado, para a súa utilización de acordo coa normativa vixente. A cesión de datos e notificación previa entre as administracións públicas non require autorización previa dos titulares nin notificación a eles.

Artigo 15. Normas de mantemento, reposición e explotación das instalacións.

1. O concello ou administración xestora do servizo velará polo correcto funcionamento e estado de conservación do sistema público de saneamento e depuración.

2. A estes efectos, elaborará e executará os plans de mantemento de equipos, instalacións electromecánicas e obra civil de conformidade co establecido no anexo III desta ordenanza e, en todo caso, de conformidade coa regulamentación marco que poida establecer a Xunta de Galicia ó abeiro da lexislación vixente.

3. No que atinxe ás redes de sumidoiros e de colectores, e sen prexuízo das accións que permitan o seu correcto funcionamento, o concello ou administración xestora do servizo velará polo seu axeitado estado de limpeza e identificará as conexións existentes, os puntos de risco de incidencias no medio, e as eventuais rupturas, fugas ou intrusións de augas brancas.

4. No que se refire ás estacións depuradoras de augas residuais, o concello ou administración xestora do servizo explotará a liña de auga e os lodos, en cumprimento da normativa aplicable en materia de augas, vertidos e residuos, de xeito que se asegure o máximo rendemento da instalación, que non se obstaculice o seu bo funcionamento pola acumulación de lodos na liña de proceso, non se causen afeccións prexudiciais para o entorno e se asegure a evacuación dos lodos en condicións de seguridade.

5. O funcionamento das estacións de bombeo nas redes de saneamento deberá adecuarse ó deseño das estacións depuradoras de augas residuais tanto na capacidade de bombeo como no horario de funcionamento.

6. Nos supostos de parada forzosa do sistema de depuración de augas residuais, sexa programada ou imprevista, o concello ou administración xestora do servizo deberá adoptar as medidas necesarias para minimizar as súas consecuencias, reducir o tempo de parada, realizar as reparacións no período de menor incidencia e asegurar o máximo grao de depuración posible.

7. Nos supostos de paradas programadas, o concello ou administración xestora do servizo deberá comunicalas a Augas de Galicia cun mes de antelación polo menos, xustificando a súa necesidade. Igualmente, informará ó organismo de conca competente sobre as medidas propostas para minimizar posibles afeccións ó medio receptor. Augas de Galicia e o organismo de conca emitirán nese prazo informe preceptivo e vinculante sobre as medidas a adoptar para minimizar a afección ó medio receptor.

Artigo 16. Prevención de riscos laborais

1. Na execución das tarefas de explotación, conservación e mantemento dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais, darase cumprimento ó previsto na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, adoptando as medidas de protección individuais e colectivas que resulten necesarias.

2. De conformidade co establecido na dita normativa, o concello ou administración xestora do servizo disporá da avaliación de riscos laborais do sistema e do correspondente plan de seguridade.

Capítulo IV. Situacións de emerxencia

Artigo 17. Deber de comunicación de incidencias

1. Cada usuario deberá tomar as medidas axeitadas para evitar as descargas accidentais de vertidos que poidan ser potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.

2. Cando por accidente, fallo de funcionamento ou da explotación das instalacións do usuario, se produza un vertido que estea prohibido e que sexa capaz de orixinar unha situación de emerxencia e perigo tanto para as persoas como para o sistema de saneamento e depuración, o usuario deberá comunicar urxentemente a circunstancia producida ó concello ou administración xestora do servizo, co obxecto de evitar ou reducir ó mínimo os danos que se puideran causar. A comunicación efectuarase utilizando o medio máis rápido.

Artigo 18. Adopción de medidas en situacións de urxencia

1. Unha vez producida a situación de emerxencia, o usuario utilizará tódolos medios ó seu alcance para reducir ó máximo os efectos de descarga accidental.

2. O usuario deberá remitir ó concello ou administración xestora do servizo, no prazo máximo de corenta e oito horas, un informe detallado do accidente, no que deberán figurar os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e materias vertidas, causa do accidente, hora na que se produciu, medidas correctoras tomadas in situ e hora e forma na que se comunicou o suceso. En todo caso, o concello ou administración xestora do servizo poderá obter do usuario os datos adicionais necesarios para a correcta valoración do accidente.

Artigo 19. Valoración de danos.

Os custos das operacións a que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser aboados polo usuario causante, con independencia doutras responsabilidades nas que puidera incorrer. Para a valoración dos danos teranse en conta os criterios establecidos no artigo 31 desta ordenanza. A declaración da responsabilidade do usuario causante adoptarase previa a tramitación de expediente contraditorio conforme ás normas do procedemento administrativo común.

Artigo 20. Accidentes que constitúan situacións de emerxencia previstas nos plans de protección civil

Cando as situacións de emerxencia ás que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser clasificadas como emerxencias incluídas na planificación de protección civil, ademais das normas establecidas na presente ordenanza, serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

Capítulo V. Inspección e control

Artigo 21. Función inspectora

1. A función inspectora corresponde ó concello ou administración xestora do servizo respecto das instalacións ó seu cargo, e poderá exercela:

a) Directamente, a través dos seus propios órganos ou unidades administrativas que teñan atribuídas as funcións inspectoras.

b) Por medio de entidades colaboradoras debidamente acreditadas.

c) A través dos servizos de asistencia a municipios e cooperación da Deputación Provincial.

2. Corresponde, en todo caso, a Augas de Galicia a alta inspección do sistema municipal de saneamento e depuración de augas residuais, conforme á lexislación vixente. En exercicio desta facultade poderá levar a cabo cantos controis, ensaios e análises considere necesarios.

3. A inspección municipal e a de Augas de Galicia coordinaranse a través dos procedementos de cooperación e coordinación establecidos na lexislación vixente, co obxecto de mellorar a eficiencia e o control do servizo.

Artigo 22. Obxecto e inicio da inspección

1. Poden ser obxecto de inspección calquera actividade ou instalación cuxos vertidos poidan afectar, directa ou indirectamente, ó sistema público de saneamento e depuración de augas residuais.

2. A actuación inspectora iníciase sempre de oficio, ben por iniciativa do órgano competente ou en virtude de denuncia.

Artigo 23. Dereitos do persoal inspector.

No exercicio da súa función, o persoal inspector, debidamente acreditado, poderá:

a) Acceder ás instalacións que xeran vertidos de augas residuais. Non será necesaria a notificación previa da inspección cando se efectúe en horas de actividade industrial.

b) Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e documentación relativas ás instalacións ou actividades obxecto da inspección.

c) Proceder á toma de mostras ou ó control de caudais de augas residuais e, de ser o caso, de augas de proceso.

d) Proceder á toma de fotografías ou outro tipo de imaxes gráficas, sen prexuízo do disposto na vixente normativa sobre segredo industrial.

e) Levar a cabo, no marco legal vixente, calquera outra actuación tendente a pescudar a orixe dos vertidos, o seu grao de contaminación e a súa afección sobre os sistemas de saneamento e depuración.

Artigo 24. Deberes do persoal inspector.

No exercicio das súas funcións, o persoal inspector está obrigado a:

a) Identificarse como tal e acreditar a súa condición de inspector.

b) Observar o respecto e consideración debidos ás persoas interesadas.

c) Informar ós interesados dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como das normas que deben cumprir os titulares dos vertidos.

d) Obter toda a información necesaria respecto dos feitos obxecto de inspección e dos seus responsables, accedendo, se é necesario, ós rexistros públicos existentes.

e) Gardar sixilo profesional e observar segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu cargo e actividade pública.

f) Comunicar as anomalías detectadas ó concello ou administración xestora do servizo.

Artigo 25. Desenvolvemento da actividade inspectora

1. Cando o persoal inspector se presente no lugar onde radiquen as instalacións a inspeccionar porá en coñecemento do seu titular o obxecto das actuacións, previa identificación mediante exhibición do documento que lle acredite para o exercicio das súas funcións, no que figurará o seu nome, apelidos, o número de documento nacional de identidade, unha fotografía e a entidade para a que presta os seus servizos, expresando, no caso de tratarse dunha entidade colaboradora do concello ou administración xestora, esta condición.

2. As actuacións inspectoras realizaranse en presenza do titular das instalacións. No caso de persoas xurídicas, considerarase o seu representante a quen legalmente exerza esta condición. No caso de ausencia do titular ou representante, as actuacións entenderanse con calquera persoa presente nas instalacións, facendo constar na acta ou informe a súa vinculación coas mesmas. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade do titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

3. O interesado está obrigado a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións e á toma de mostras e medicións, e a subministrar a información que se lle requira en relación cos feitos obxecto da inspección.

4. No caso de obstaculización das actividades inspectoras, o inspector farao constar así. Poderá proceder entón á toma de mostras de augas residuais dende o exterior do recinto das instalacións, sempre que sexa posible.

Artigo 26. Documentación das actuacións inspectoras

1. As actuacións inspectoras documentaranse en acta, na que constarán como mínimo os datos indicados no anexo IV da presente ordenanza, e na que tanto o inspector como o interesado poderán facer constar as observacións que consideren oportunas.

2. No caso de que o comparecente se negue a asinar a acta ou a recibir a mostra contraditoria, o inspector farao constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia ó interesado, deixando igualmente constancia se este se negara a recibila.

3. Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio cos efectos previstos na lexislación de procedemento administrativo común, nos supostos nos que o persoal inspector teña a condición de funcionario.

4. No caso de que o levantamento ou sinatura da acta se produzan sen a presenza do titular ou representante do establecemento produtor do vertido, notificaráselle o documento ós efectos de que poidan presentar cantas alegacións e probas consideren convenientes no prazo de dez días.

Artigo 27. Procedemento de toma de mostras

A toma de mostras de augas residuais nas actuacións inspectoras levarase a cabo de acordo co seguinte procedemento:

a) Punto de toma de mostras. A mostra tomarase da arqueta de rexistro se existira, previa comprobación das coordenadas UTM, ou no seu defecto no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.

b) Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras en senllos recipientes de material axeitado ás determinacións analíticas que se prevea realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.

c) As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse, quedando dúas en poder do inspector, a primeira para efectuar as

determinacións analíticas e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofrecerase ó interesado, ós efectos de que poida proceder, se o estima oportuno, á práctica dunha análise contraditoria. No caso de que o interesado se negara a recibir esta terceira mostra ou non puidese facerse cargo dela, comunicaráselle o lugar no que a mesma queda á súa disposición.

d) A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros serán os que figuran no anexo V da presente ordenanza.

e) O volume mínimo a mostrear será de dous litros para cada unha das tres submostras referenciadas, agás que xustificadamente poida utilizarse un volume menor. Este volume subdividirase en senllos recipientes dun litro, sendo un de vidro e outro de plástico, en función dos parámetros a analizar.

Artigo 28. Práctica das análises

1. Para a práctica da análise inicial deberá entregarse ó laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada, no prazo máximo de setenta e dúas horas dende a toma de mostras, ós efectos de iniciar o procedemento de análise no dito prazo.

2. As determinacións analíticas da mostra inicial e, de ser o caso, da dirimente, levaranse a cabo en laboratorios debidamente acreditados, propios do concello ou administración xestora do servizo ou de carácter externo. Tamén poderán levarse a cabo no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

3. O laboratorio ó que se lle encargue a práctica da análise inicial deberá entregar os resultados no prazo de trinta días naturais dende a recepción da mostra, procedendo o concello ou administración xestora a comunicalos ó interesado. A comunicación ó interesado deberá enviarse nos dous días hábiles seguintes á recepción dos resultados.

4. A folla de resultados analíticos, tanto na análise inicial como na dirimente, expresará en todo caso a data de recepción da mostra, de inicio e de remate da análise, así como os métodos analíticos empregados. De ser o caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ó laboratorio.

5. Pola súa parte, o interesado poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria. No dito caso, comunicará ó concello ou administración xestora os resultados do dito análise, se o considera procedente, no prazo máximo de vinte días hábiles contados dende a comunicación dos resultados da análise inicial. En caso de non comunicarse no dito prazo os resultados da análise contraditoria, a análise inicial considerarase definitiva, o que se declarará mediante resolución que se notificará ós interesados. A dita análise inicial, en función dos seus resultados, determinará a necesidade da incoación de expediente de revisión de vertido, de adopción de medidas correctoras ou de imposición de sancións, segundo proceda.

6. A práctica da análise dirimente levarase a cabo cando se realizase unha análise contraditoria, esta se comunicase no prazo indicado no artigo anterior e os seus resultados sexan diferentes dos da análise inicial. Levarase a cabo no laboratorio que designe o concello ou administración xestora, que deberá ser diferente ó que realizou as análises inicial e contraditoria. A mencionada entidade comunicará ó interesado con antelación suficiente o lugar, data e hora onde se levará a cabo, ós efectos de que poida estar presente nas operacións, asistido, se o estima oportuno, de persoal técnico.

No suposto en que a práctica da análise dirimente non fose posible por causa imputable ó concello ou administración xestora, o procedemento de inspección arquivarase, procedéndose á incoación dunha nova actuación inspectora.

7. Os gastos xerados pola práctica da análise contraditoria corresponden sempre ó interesado. Os gastos de análise dirimente corresponderán ó concello ou administración xestora ou ó interesado, respectivamente, en función de que os seus resultados confirmen os obtidos na análise contraditoria ou ben na orixinalmente practicada pola administración xestora.

Capítulo VI. Información a Augas de Galicia

Artigo 29.

1. O concello ou, de ser o caso, a administración que xestione o servizo en virtude de delegación, transferencia ou subrogación, comunicará a Augas de Galicia, dentro do mes seguinte ó da resolución de que se trate, os permisos de vertido outorgados, así como a súa revisión, modificación, suspensión ou revogación.

Ademais, e con carácter anual, remitirase a información relativa ós permisos especiais para o vertido mediante vehículos cisterna, e trimestralmente os resultados dos datos de control do sistema que incluirán, como mínimo, os datos do estado de colectores, depuradora e, de ser o caso, emisario, así como a calidade do vertido. No primeiro trimestre de cada ano natural remitirase un resumo anual dos datos de control do sistema en idénticos termos.

2. En todo caso, comunicarase a Augas de Galicia, con carácter urxente, calquera incidencia relevante ou situación de emerxencia que poida producirse nas instalacións que xestionan.

Capítulo VII. Réxime de infraccións e sancións

Artigo 30. Réxime de infraccións e sancións

1. Ó abeiro do establecido no artigo 92 da Lei 9/2010 de augas de Galicia e nos artigos 139 e 140 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, terán a consideración de infraccións administrativas as seguintes accións:

a) A realización de vertidos á rede de saneamento que requiran de permiso municipal carecendo do dito permiso, ou en calquera caso sen estar dado de alta no servizo.

b) A realización de vertidos infrinxindo as prohibicións e limitacións establecidas na presente ordenanza.

c) O incumprimento dos deberes de colaboración cos servizos de inspección establecidos na presente ordenanza, e a obstaculización en calquera forma das accións inspectoras.

d) A causación de danos nas infraestruturas e bens que integran o sistema público municipal de saneamento e depuración de augas residuais.

e) O incumprimento dos deberes de comunicación de incidencias establecidos nos artigos 17 e 18 da presente ordenanza.

f) O incumprimento de deber de adopción de medidas de prevención de descargas accidentais establecido no artigo 17.

g) O incumprimento do deber de adopción de medidas de minimización de efectos das descargas accidentais establecido no artigo 18.

h) O incumprimento dos requirimentos relativos ó servizo que se formulen polo concello ou administración xestora do servizo, en particular do deber de adopción de medidas correctoras.

i) O incumprimento das obrigas establecidas no permiso de vertido.

2. As infraccións tipificadas no apartado 1 graduaranse en leves, graves ou moi graves conforme ás seguintes regras:

a) Terán a consideración de moi graves as accións tipificadas que produzan danos ó dominio público ou ós bens que integran o sistema por importe superior a 150.000 euros.

b) Terán a consideración de graves as accións tipificadas que produzan danos ó dominio público ou ós bens que integran o sistema por importe superior a 15.000 euros.

c) A infracción tipificada no apartado 1.c) terá sempre a consideración de moi grave.

d) A infracción tipificada no apartado 1.a) considerarase leve.

e) O resto das infraccións que non reúnan as características sinaladas nos apartados a), b) e c) deste parágrafo terán a consideración de leves. Non obstante o anterior, as infraccións leves nas que concorra a circunstancia agravante de reiteración, tipificaranse como graves. Considerarase que existe reiteración cando se cometan dúas ou máis infraccións leves nun período de vinte e catro meses.

3. A comisión da infracción tipificada no apartado 1.a) será compatible coa de calquera outra das condutas tipificadas, constituíndo infraccións separadas e sancionándose independentemente cada unha delas, sen prexuízo da súa tramitación nun único expediente sancionador.

4. Serán de aplicación as circunstancias agravantes e atenuantes establecidas no artigo 87 da Lei de augas de Galicia para a determinación das concretas sancións a impoñer, dentro das marxes establecidas no apartado seguinte-

5. As sancións polas infraccións tipificadas no presente artigo serán as seguintes:

a) Por infraccións leves: multa de ata 3.000 euros.

b) Por infraccións graves: multa de 3.001 a 30.000 euros e clausura de instalacións de ata seis meses.

c) Por infraccións moi graves: multa de 30.001 a 100.000 euros e clausura de instalacións de seis meses e un día ata catro anos.

6. As sancións que se impoñan polas infraccións cometidas serán independentes do deber de reparación dos danos e prexuízos causados ó sistema de saneamento e depuración ou ó medio ambiente pola acción infractora, así como do deber de adopción de medidas correctoras conforme ó disposto na presente ordenanza. Os deberes de indemnización de danos e prexuízos e adopción de medidas correctoras declararanse na propia resolución sancionadora, e para o seu cumprimento poderán empregarse os medios de execución forzosa establecidos na lexislación de procedemento administrativo común.

Artigo 31. Valoración de danos

1. A valoración dos danos ós bens e instalacións de dominio e servizo público ou ó medio ambiente será realizada polo concello ou administración xestora do servizo a través de propio procedemento sancionador, e determinarase en función dos gastos de explotación e reposición que causase a acción infractora.

2. Os gastos de explotación ós bens e instalacións que conforman o sistema de saneamento e depuración calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante do vertido de que se trate.

3. O concello ou administración xestora determinará, de acordo cos orzamentos aprobados ó efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación ou reposición repercutibles ó responsable do vertido de que se trate. Incluiranse en todo caso os danos e prexuízos fronte á administración hidráulica competente ou fronte a terceiros que tivese que asumir o concello ou administración xestora como consecuencia da infracción cometida.

4. A valoración de danos que servirá de base para a cualificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, de ser o caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo ó que se refire o apartado segundo multiplicado polo número de días que se considere que o vertido se mantivo en situación irregular.

5. Ós efectos do disposto no apartado anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedara afectada polo vertido irregular, aínda se este fora de carácter illado. En calquera caso, considerarase que o vertido irregular se mantivo durante, canto menos, un día.

6. A valoración de danos deberá notificarse ó presunto infractor simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

Artigo 32. Relación co canon da auga e co coeficiente de vertido

1. Os resultados analíticos de que dispoña Augas de Galicia para a determinación do canon da auga e o coeficiente de vertido regulados no Título IV da Lei 9/2010, de augas de Galicia, poderán ser utilizados nos expedientes sancionadores a que se refire este capítulo, sempre que se correspondan cos períodos considerados neles.

2. Atoparse ó corrente de pago do canon da auga e do coeficiente de vertido non implica estar en posesión do permiso de vertido cando este sexa preceptivo nos termos da presente ordenanza, e en ningún caso pode considerarse como circunstancia atenuante nos mencionados procedementos sancionadores.

Disposición transitoria única.

Os usuarios non domésticos que actualmente estean dados de alta como usuarios do servizo disporán dun prazo de seis meses contados a partir da entrada en vigor da presente ordenanza para solicitar o permiso municipal de vertido.

Unha vez concedido o permiso municipal de vertido, outorgaráselles idéntico prazo de seis meses para a adopción das medidas correctoras que procedan para a adaptación do vertido ó disposto na presente ordenanza. Non obstante, este prazo poderá ampliarse ata tres meses máis nos supostos en que se acredite unha especial dificultade para o efectivo establecemento das medidas correctoras.

Durante os prazos indicados, os actuais usuarios non domésticos poderán continuar realizando vertidos á rede nas condicións establecidas na normativa vixente ata o momento da entrada en vigor da presente ordenanza, sen prexuízo da posibilidade de que por parte do concello se poida interpoñer, cautelarmente, a adopción de medidas correctoras nos supostos en que os ditos vertidos produzan danos ou perturbación no sistema público de saneamento e depuración ou no medio ambiente. De ser o caso, estas medidas correctoras adoptaranse por iniciativa do concello, previa audiencia do interesado, e manteranse ata tanto non se regularice a situación coa concesión do permiso de vertido e plena adopción das medidas que este prevea.

Disposición derrogatoria.

1. Á entrada en vigor da presente ordenanza queda derrogado, na súa integridade, o art. 57 da Normativa do Plan Parcial do Parque Empresarial do Pereiro de Aguiar (BOP do 22 de decembro de 1993)

2. Quedan igualmente derrogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto na presente ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sempre e cando transcorresen os prazos previstos nos artigos 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Pereiro de Aguiar, 3 de outubro de 2011.

ANEXO I

Vertidos prohibidos

a. Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por elas ou por integración con outras, produzan obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do

sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.

b. Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables.

c. Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas.

d. Sustancias sólidas potencialmente perigosas.

e. Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.

f. Materias que, por razón da súa natureza, propiedade ou cantidades, por elas ou por integración con outras poidan orixinar:

- Calquera tipo de molestia pública.
- A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
- A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.

g. Materias que, por elas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar ó persoal encargado da súa limpeza e conservación.

h. Residuos de natureza radioactiva.

i. Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.

j. Os vertidos que por eles ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento, dean lugar a concentración de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores ós seguintes límites:

- Dióxido de carbono: 15000 ppm.
- Dióxido de xofre: 5 ppm.
- Monóxido de carbono: 25 ppm.
- Cloro: 1 ppm.
- Ácido sulfhídrico: 10 ppm.
- Ácido cianhídrico: 4,5 ppm.

k. Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.

l. Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.

m. Residuos de orixe pecuaria.

ANEXO II

Vertidos limitados
Parámetro(1); Valor límite; Unidades
pH; 5,5 – 9; -
1,2 Dicloroetano; 0,40; mg/l
Aceites e graxas; 100,00; mg/l
Aldehidos; 2,00; mg/l
Aluminio; 10; mg/l
Amoníaco; 30,00; mg/l
AOX(2); 2,00; mg/l
Arsénico; 1,00; mg/l
Bario; 10,00; mg/l
Boro; 3,00; mg/l
BTEX(3); 5,00; mg/l
Cadmio; 0,10; mg/l
Chumbo; 1,00; mg/l
Cianhídrico; 10,00; cc/m3 de ar
Cianuros; 0,50; mg/l
Cianuros disoltos; 1,00; mg/l
Cloro; 1,00; cc/m3 de ar
Cloruros; 2.000,00; mg/l
Cobre; 3,00; mg/l
Condutividade eléctrica (25º C); 5.000,00; µS/cm
Cor; Inapreciable dilución 1/30; -
Cromo hexavalente; 0,5; mg/l
Cromo total; 2,00; mg/l
DBO5; 500,00; mg/l
DQO; 1.000,00; mg/l
Deterxentes; 6,00; mg/l
Dióxido de xofre; 15,00; mg/l
Estaño; 3,00; mg/l
Fenois totais; 1,00; mg/l
Ferro; 10,00; mg/l
Fluoruros; 10,00; mg/l
Fosfatos; 60,00; mg/l
Fósforo total; 40,00; mg/l
Hidrocarburos; 15,00; mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos; 0,20; mg/l
Manganeso; 5,00; mg/l
Materias inhibidoras; 20,00; equitox
Mercurio; 0,01; mg/l
Níquel; 2,00; mg/l
Nitratos; 50,00; mg/l
Nitróxeno amoniacal; 40,00; mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl; 30,00; mg/l
Nonilfenol; 1,00; mg/l
Percloroetileno; 0,40; mg/l
Pesticidas; 0,10; mg/l
Praguicidas totais; 0,10; mg/l
Selenio; 0,50; mg/l
Sólidos en suspensión; 500,00; mg/l
Sulfatos; 400,00; mg/l
Sulfhídrico; 20,00; cc/m3 de ar
Sulfuros disoltos; 0,30; mg/l
Sulfuros totais; 1,00; mg/l
Temperatura; 30,00; º C
Deterxentes aniónicos; 6,00; mg/l
Triacinas totais; 0,30; mg/l
Tributilestaño; 0,10; mg/l
Triclorobenceno; 0,20; mg/l
Zinc; 2,00; mg/l

ANEXO III

Plan de conservación e mantemento dos sistemas de saneamento de augas residuais.

1. Definicións.

1.1. Mantemento correctivo: o que se realiza a un equipo ou a un dos seus elementos como consecuencia dunha avaría, rotura ou unha diminución da calidade do servizo por debaixo dos límites predeterminados. Adoita tratarse dun mantemento non programado, se ben en ocasións é planificable.

1.2. Mantemento preventivo: o que se realiza a un equipo ou a un dos seus elementos como consecuencia de determinados criterios prefixados (número de horas de funcionamento, períodos de tempo) co obxectivo de evitar avarías, roturas ou diminucións no seu rendemento que poidan afectar ó bo funcionamento do proceso de depuración. Sempre é un mantemento programado.

1.3. Mantemento normativo: é a parte do mantemento preventivo que vén establecido pola lexislación sectorial, e que inclúe todo tanto equipos como instalacións (extintores, caldeirín, instalación eléctrica de baixa tensión, etc.)

1.4. Mantemento preventivo para época estival: é o mantemento que prepara ós equipos para os impactos estivais, considerando época estival a comprendida entre xuño e setembro.

1.5. Conservación: é o mantemento específico da obra civil, edificios, colectores e outras instalacións anexas ó sistema de saneamento.

2. Documentos necesarios para a xestión e control da explotación dos sistemas de saneamento. A documentación que necesariamente debe levarse actualizada é a seguinte:

2.1. Documentación xeral

2.1.1. Proxecto das instalacións, planos de redes de saneamento e modificacións realizadas.

2.1.2. Manuais de instalación e operación, incluíndo diagramas eléctricos.

2.1.3. Documentación relativa á automatización, código do autómata, lóxica de funcionamento dos equipos e manual de funcionamento do Scada, de ser o caso.

2.1.4. Recompilación da documentación relativa á legalización das instalacións, debendo proceder á legalización de cantas estean pendentes disto, incluíndo no plan de reposicións, melloras e novos investimentos, as actuacións necesarias para a dita legalización. Igualmente incluirase a documentación da baixa dos elementos retirados

2.1.5. Inventario das instalacións e equipos, con copia dispoñible nas propias instalacións do sistema.

2.1.5.a. O inventario de equipos debe incluír: código, descrición, tipo, marca, modelo, número de serie, ano de instalación, custo, potencia e calquera outra característica que se considere de interese.

2.1.5.b. O inventario das instalacións anexas debe incluír: código, descrición e outras características que se considere de interese.

2.1.5.c. A entidade xestora clasificará os equipos e instalacións incluídos no inventario nunha das categorías seguintes:

2.1.5.c.1. Críticos: aqueles cuxa avaría pode supoñer unha parada de planta, un deterioro importante da calidade do efluente, ou ben un custo elevado na súa reparación (transformadores, centrífugas, motores de coxeración, sopradores, bombas, etc.). Tamén se inclúen instalacións ou equipos con compoñentes cuxo prazo de entrega sexa moi longo, ou cuxa avaría poida ser perigosa para a seguridade das persoas ou instalacións (detectores de gases, pararraios e, en xeral, calquera equipo relacionado coa seguridade)

2.1.5.c.2. Esenciais: aqueles cuxa avaría pode ser importante para o proceso, pero que se atopan duplicados, con capacidade para levar a cabo o 100% do dito proceso.

2.1.5.c.3. Xerais: o resto de equipos e instalacións non incluídos nas categorías anteriores.

2.2. Documentación relativa á explotación que a entidade xestora debe levar actualizada:

2.2.1. Datos de mantemento e conservación

2.2.1.1. Programa de mantemento preventivo, incluíndo operacións e frecuencia do dito mantemento para os diferentes equipos e instalacións. Incluirá fichas de seguimento do mantemento por cada equipo.

2.2.1.2. Programa de inspección da rede de colectores, con identificación dos puntos máis importantes e a frecuencia de inspección, que incluirá o rexistro das inspeccións realizadas. Se o sistema inclúe emisarios submarinos, no programa engadirase, canto menos, unha inspección anual.

2.2.1.3. Plan de inspeccións periódicas e contratos de mantemento obrigados pola lexislación sectorial.

2.2.1.4. Programa de conservación que incluirá, canto menos, unha revisión anual dos elementos de obra civil e edificios.

2.2.1.5. Procedemento de preparación e control no período estival, que incluirá:

2.2.1.5.a. Comprobación do mantemento preventivo dos equipos críticos e esenciais, que asegure o bo estado de partida destes elementos.

2.2.1.5.b. Acopio de subministracións e repostos para o período estival. Das subministracións, especialmente dos reactivos, indicarase a cantidade en stock, o consumo mensual e a garantía de reposición. Nos repostos incluiranse os precisos para solventar as avarías máis comúns dos equipos críticos e esenciais, a modo de exemplo, lámpadas UV, teas de filtro banda, kits de mantemento e repostos comúns de bombas.

2.2.1.5.c. Cadro de persoal na tempada estival.

2.2.1.5.d. Procedemento de control estival nas estacións de tratamentos, plan de purgas, dosificación de reactivos, control de eliminación de nitróxeno e fósforo, control de cumprimento de parámetros.

2.2.2. Datos de explotación:

2.2.2.a. Rexistro das horas de funcionamento dos equipos críticos e esenciais, no que constará a lectura semanal dos aparatos contahoras. Se non se dispón destes aparatos, debe preverse a súa instalación no plan de melloras.

2.2.2.b. Rexistros de documentos enerxéticos.

2.2.2.c. Rexistros de caudais.

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determina-la obriga do interesado de restituí-la situación xurídica ó intre previo ó inicio da actividade sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou administrativas.

Artigo 4.º

1. O erro en que poida incorre-lo interesado á hora de asigna-la actividade que pretende levar a cabo nalgún dos réximes de licenza, declaración responsable ou comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. En tal caso, o concello ditará resolución dándolle ó escrito en cuestión o carácter que lle corresponda, o que se notificará ó interesado con expresión dos efectos derivados de tal circunstancia e da documentación que, de se-lo caso, sexa precisa para continua-la súa tramitación.

En relación cos efectos sobre o cambio de réxime indicarase ó interesado o seguinte:

a) Cando o interesado tivera notificado ó concello unha declaración responsable ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de licenza, advertiráselle que non poderá desenvolve-la actividade pretendida, ata que a obteña. Se a tivera iniciada requiriráselle para que proceda ó inmediato cesamento destas con tódalas advertencias propias de supostos de reposición á legalidade infrinxida.

b) Cando o interesado tivera solicitado ó concello unha licenza ou comunicación previa sendo o réxime apropiado o de declaración responsable, sinalaráselle que deberá presenta-lo documento no que manifeste, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ó recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a mante-lo seu cumprimento durante o período de tempo inherente ó dito recoñecemento ou exercicio nos termos esixidos na ordenanza para a acción pretendida, e ademais, que non poderá executar e desenvolvela actividade pretendida ata que presente a mencionada documentación, coas advertencias sinaladas.

Artigo 5.º

1. O outorgamento de licenza ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas, producirá efectos entre o concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

2. As licenzas entenderanse outorgadas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Idénticos efectos producirá a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas.

3. En ningún caso se entenderán adquiridos, por este procedemento, dereitos en contra da lexislación ou planeamento urbanístico ou doutra normativa que resulte de aplicación á actividade.

Artigo 6.º

Estarán sometidas ó trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

a) Actividade de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos da Administración pública.

b) Postos da praza de abastos ou mercados municipais, agás aquelas actividades suxeitas a licenza de apertura ou autorización previa.

c) Antenas de telefonía ou semellantes, agás as situadas en inmobles catalogados polo Plan xeral de ordenación municipal ou en ámbitos suxeitos a informe previo da Administración competente en materia de protección do patrimonio histórico - artístico.

d) Locais comerciais ou de servizos cunha superficie construída menor de 100m2.

e) Academias de ensino ata 150 m2 de superficie construída, agás academias de baile, música ou canto.

f) Centros destinados ó culto relixioso, sempre que o seu aforo non exceda de 200 persoas.

g) Actividades profesionais que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150 m2 de superficie construída.

h) Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolvan actividades mercantís ou industriais.

i) Pensións dunha, dúas e tres estrelas.

j) Garaxes de uso privado non autorizados con licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e unha superficie que non supere os 100 m2.

k) Aparcadoiros e exposición de vehículos ó aire libre sen límite de prazas nin superficie.

l) Cambios de titularidade de actividades con licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor, dentro do mesmo uso, categoría e clase, sempre que cumprindo os requisitos previstos nesta ordenanza, concorran as seguintes condicións:

• Que non haxa ampliación ou modificación de instalacións ou da actividade que requiran a aplicación de novas medidas correctoras.

• Que a ocupación teórica previsible do local non aumente ou non se alteren as condicións de evacuación e seguridade contempladas na licenza, declaración responsable ou comunicación previa en vigor.

Artigo 7.º

Estarán sometidas ó trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

a) Locais comerciais ou de servizos entre 100 e 400 m2 de superficie a 15 kw de potencia mecánica instalada.

b) Despachos profesionais de máis de 150 m2 ata 400 m2 de superficie e 15 kw de potencia mecánica instalada.

c) Establecementos hoteleiros ata 25 prazas sen cafetería ou restaurante.

d) Centros docentes, centros de educación infantil, primaria e secundaria, agás os centros incluídos no Decreto 329/2005, da Xunta de Galicia. Aqueles centros docentes que dispoñan de instalacións tales como cociñas, piscinas, depósitos de combustible, etc., que requiran licenza de actividade ou de apertura deberán proceder a formaliza-la correspondente solicitude.

e) Actividades industriais, obradoiros artesanais e similares, cunha Qs igual ou menor a 42 MJ/m2 e unha superficie útil menor ou igual a 60 m2.

f) Actividades de almacenamento de obxectos e materiais sempre que a súa superficie sexa menor de 500 m2 e a súa Qs sexa menor de 425 MJ/m2, agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.

g) Actividades de almacenamento de produtos petrolíferos, químicos con recipientes de presión ou con produtos químicos que non necesiten proxecto técnico segundo a normativa específica de aplicación.

h) Centros de diagnóstico e laboratorios de análises clínicas sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.

i) Actividades agropecuarias relacionadas co anexo III do Decreto 133/2008.

j) Centros destinados ó culto relixioso, sempre que o seu aforo exceda de 400 persoas.

Artigo 8.º

1.- A comunicación previa debe incluír:

a) O nome, enderezo, teléfono e, de se-lo caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares.

b) O nome, enderezo, teléfono e, de se-lo caso, o enderezo de correo electrónico do representante.

c) A situación exacta do local da actividade.

d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.

e) Fotocopia da póliza de seguro e de responsabilidade civil.

f) Certificado de solidez e seguridade estrutural.

A comunicación previa deberá vir acompañada de plano de situación en cartografía municipal da actividade, plano do local coas súas instalacións e unha acreditación subscrita polo técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable. A acreditación cumprimentará o modelo aprobado polo concello incluído nos anexos desta ordenanza.

2.- A declaración responsable deberá incluír:

a) O nome, enderezo, teléfono e, de se-lo caso, o enderezo de correo electrónico do titular ou titulares.

b) O nome, enderezo, teléfono e, de se-lo caso, o enderezo de correo electrónico do representante.

c) A situación exacta do local da actividade.

d) A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.

e) Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil.

f) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que a actividade vai desenvolverse de acordo coa normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

g) Certificado de solidez e seguridade estrutural.

A declaración responsable deberá vir acompañada de documentación técnica, subscrita polo técnico competente, en que se describan as características do local e da actividade e se xustifique o cumprimento da normativa urbanística e a de aplicación xeral. Esta documentación deberá incluír, como mínimo, memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable, plano de emprazamento da cartografía oficial, planos de plantas con situación de instalacións e maquinaria, planos de seccións con situación de maquinaria, planos de alzado e esquema unifilar da instalación eléctrica.

Así mesmo, virá acompañada da certificación de execución das instalacións e medidas correctoras das instalacións segundo o modelo aprobado polo concello incluído nos anexos desta ordenanza.

Artigo 9.º

Cando se presente unha comunicación ou unha declaración responsable deberán aboarse as taxas correspondentes pola actividade inspectora levada a cabo por esta Administración.

Artigo 10.º

1. O concello comprobará os datos facilitados polos interesados e examinará a documentación técnica achegada para comprobar se se axusta á normativa aplicable. No caso de que non se presente a documentación prevista nesta ordenanza, nas actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, o concello ordenará o inmediato peche da actividade, ata que se proceda á presentación da dita documentación.

Non entanto, se examinada a documentación presentada se constata a existencia de deficiencias de escasa entidade o concello requiriralle ó titular da actividade que achegue nova documentación que emende as ditas deficiencias, concedéndolle para isto o correspondente prazo de emendas previsto no artigo 71 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Este réxime será aplicable ós supostos de comunicación previa nos que a actividade xa está a desenvolverse.

2. No suposto de que non sexan emendadas as deficiencias, no prazo legalmente concedido, procederase a ordena-lo peche do establecemento.

3. No caso de que a documentación sexa correcta, os técnicos municipais cursarán visita de inspección ó local para comprobar se se axusta á documentación presentada e a normativa aplicable.

Artigo 11.º

1. Unha vez recibida a comunicación ou a declaración responsable o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo de que os técnicos municipais cursen as visitas de inspección precisas para comprobar se se axusta á normativa aplicable. A comunicación previa poderá presentarse dentro dun prazo de quince días posterior ó inicio da actividade.

2. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade dende o intre en que se teña constancia destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais e administrativas, en que poida incorre-lo interesado.

A resolución que declare estas circunstancias poderá determina-la obriga do interesado de restituí-la situación xurídica ó intre previo ó inicio da actividade.

3. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou prexuízos que poida causar.

Artigo 12.º

Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de construción ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a oportuna licenza e achega-la documentación técnica esixible, con independencia que se trate dunha actividade suxeita a comunicación previa ou declaración responsable.

Rematadas as obras o titular da actividade notificarao ó concello achegando o certificado final do técnico director e os boletíns dos instaladores autorizados para que se poida cursala pertinente visita de inspección.

Aquelas actuacións de escasa entidade técnica e construtiva, que non precisen a presentación dun proxecto técnico e que non supoñan a necesidade de controlar aspectos urbanísticos, de accesibilidade ou de seguridade, como as de substitución de pavimentos, pintura, tarefas de adecentamento e limpeza dos locais, substitución de sanitarios e semellantes, poderán incluírse na correspondente comunicación previa ou declaración responsable da actividade, achegando para isto, unha memoria descritiva das obras que se van realizar, o orzamento por capítulos, plano de situación.

Nestes supostos, de precisarse a retirada de entullos, deberá solicitarse a correspondente autorización para a instalación dun colector na vía pública para a súa recollida e traslado ó punto de vertido legalmente autorizado.

Artigo 13.º

No suposto de actividades suxeitas ó réxime de comunicación previa ou declaración responsable regulado nesta ordenanza, a Administración realizará as comprobacións oportunas e emitirá unha acta da inspección do técnico municipal para que quede constancia de que a actividade se axusta á documentación achegada e á normativa aplicable.

Artigo 14.º

Nestes procedementos o concello deberá proceder a efectuala inspección nun prazo máximo de tres meses dende a presentación da comunicación ou a declaración responsable.

O vencemento deste prazo sen terse notificado a acta da inspección lexitima ó interesado que tivese presentada a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo, agás nos supostos nos que unha norma con rango de lei por causas xustificadas de interese xeral ou unha norma de dereito comunitario europeo establezan o contrario.

En ningún caso se entenderán adquiridos dereitos en contra do disposto na lexislación e o planeamento vixente.

Artigo 15.º

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación ou declaración responsable, ou cando non cumpra a normativa aplicable ordenarase o peche do establecemento, sen prexuízo da aplicación do disposto na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 16.º

Se o interesado introducise variacións significativas respecto das actividades contidas no proxecto ou memoria presentadas coa declaración responsable ou comunicación previa, virá obrigado a presentar unha nova declaración ou comunicación con achega, segundo os casos, dun novo proxecto (ou memoria) que substitúa integramente ó anterior ou un proxecto (ou memoria) complementario.

Artigo 17.º

1. Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas extinguiranse polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas.

2. Os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas poderán declararse caducados, salvo

causa non imputable ó seu titular, cando non se iniciara a actividade nos tres meses seguintes á finalización das obras ou implantación das instalacións.

3. En todo caso, a caducidade das actuacións declaradas ou comunicadas declararase previa audiencia do interesado.

4. A declaración de caducidade extinguirá os dereitos derivados da declaración ou comunicación, non podéndose exerce-la actividade, salvo traballos de seguridade e mantemento dos cales se dará conta ó concello para o seu control.

Artigo 18.º

1. O exercicio dos dereitos derivados das declaracións responsables ou comunicacións previas, contrarios ó ordenamento xurídico, poderán ser revisados a través dalgún dos procedementos de revisión de oficio contemplados nos artigos 102 e 103 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O inicio do prazo para o exercicio destas facultades computarase desde o día no que se presentara no rexistro do concello a declaración responsable ou a comunicación previa ou, de se-lo caso, calquera outra modificación presentada posteriormente.

Título segundo.

A licenza de apertura ou de actividade.

Artigo 19.º

1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos casos nos que así o esixe a protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo ou a ocupación dos bens de dominio público.

2. Enténdese que se encontran nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:

a) As excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2006/123/CE e, polo tanto, non recollidas nos artigos 6 e 7 desta ordenanza.

b) As que se inclúen no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 160/2005.

c) As que requiran informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas…).

d) As actividades relacionadas no Decreto 133/08, que regula o procedemento de avaliación ambiental.

e) As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio desta.

f) As estacións base de telefonía móbil e as antenas excluídas do réxime de comunicación previa.

g) As actividades e servizos non suxeitos ó trámite de comunicación previa ou declaración responsable, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

Artigo 20.º

1. Nos supostos nos que debe solicitarse a licenza de apertura ou de actividade, esta tramitarase de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso e concederase xunto coa licenza urbanística cando sexa preciso a realización de obras de construción ou de acondicionamento.

2. O concello notificaralles ós titulares da actividade que acheguen toda a documentación técnica que sexa precisa para emenda-las deficiencias que os técnicos municipais atopen na documentación inicialmente presentada.

3. Finalizadas as obras de construción ou acondicionamento, os titulares da actividade notificaranlle ó concello o seu remate, achegando o certificado final do técnico director, boletíns dos instaladores e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, para que os técnicos municipais cursen as pertinentes visitas de inspección.

4. En caso de que a actividade se axuste á documentación presentada coa solicitude de licenza de apertura ou actividade e cumpra a normativa aplicable, concederase a licenza de funcionamento.

5. Non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente licenza ou autorización de funcionamento.

Título terceiro.

Transmisión de licenzas, declaracións responsables ou comunicacións previas.

Artigo 21.º

1. As licenzas, así como os dereitos derivados das declaracións responsables ou comunicacións previas relativos ás condicións dunha instalación ou servizo, serán transmisibles, se ben, para que opere o cambio de titularidade, será preciso que se acredite ante o concello que a transmisión se produciu por calquera dos medios admitidos en dereito, facendo expresa referencia á licenza, declaración responsable ou comunicación previa cuxo obxecto se transmitirá.

2. O concello tomará razón do feito da transmisión, da que dará conta ós propios interesados.

3. Unha vez producida a transmisión, o novo titular subrogarase nos dereitos, obrigas e responsabilidades que o anterior titular tiña recoñecidos na licenza concedida ou nos termos contados na declaración responsable ou comunicación previa debidamente cumprimentada.

4. Non obstante o anterior, se a transmisión da licenza se producise sen que o anterior e o novo titular llo comunicaran ó concello, ambos quedarán suxeitos a tódalas responsabilidades e obrigas derivadas do incumprimento da citada obriga.

5. A inexactitude ou falsidade na comunicación de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercicio do dereito de que se trate.

Disposición adicional única.

A Xunta de Goberno Local poderá adaptar, modificar ou amplia-los modelos normalizados incluídos nos anexos desta ordenanza. Os modelos modificados serán obxecto de publicación na correspondente páxina web do concello.

Disposición transitoria única.

Os promotores dos expedientes que á entrada en vigor desta ordenanza se atopasen en tramitación neste concello e se refiran a actuacións que entren no ámbito de aplicación da comunicación previa ou a declaración responsable poderán acollerse ós ditos procedementos presentando para iso a documentación prevista nesta ordenanza.

Disposición final.

Esta ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do concello, na sesión extraordinaria do 25 de outubro de 2011, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre que se cumpran os seus requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa (artigos 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións concordantes).

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de cambio de titularidade**	

Interesado/a

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo para os efectos de notificacións		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Representante

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo para os efectos de notificacións		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Expoño

Que de conformidade co disposto no artigo 7.1 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en relación co 71 bis.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, presento **COMUNICACIÓN PREVIA** para a transmisión ou cambios de titularidade de licenzas, así como os dereitos derivados de declaracións responsables ou comunicacións previas relativos ao exercicio de actividades

Declaro

Que cumpro cos requisitos esixibles para asumir o exercicio de actividade, que a continuación se menciona, por adquirila mediante transmisión. E a tal efecto sinalo o seguinte:

1) Que este/a comunicante adquiriu de D/D.ª_____, co DNI_____, e domicilio en_____, a licenza (ou dereito derivado da declaración responsable ou comunicación previa) referente á seguinte actividade:

- Situación: local número_____ da rúa_____
- Actividade:
- Anterior titular: D/Dª_____
- Documento administrativo : licenza concedida por resolución de data _____(ou declaración responsable ou comunicación previa)
- Titulo de adquisición: traspaso, aluguer, compravenda, herdanza, embargo, resolución de contrato, recibos de aluguer, facturas de consumo de luz, etc.

2) Que no momento da transmisión, as características do local e da actividade seguen sendo as mesmas que as contempladas na referida licenza (ou dereito derivado da declaración responsable ou comunicación previa) especificando:

a) Que non existiu ampliación de superficie.

b) Que non se realizaron modificacións de instalacións que requiran a aplicación de novas medidas correctoras.

Solicito

Se teña por presentada a presente comunicación previa e se tome razón da transmisión da actividade mencionada.

Autorizo

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito, a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da activade a desenvolver.

O que asino de xeito responsable

O Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 20__

Asinado: O/A interesado/a Asinado: O/A representante

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello O Pereiro De Aguiar	**Modelo de cambio de titularidade**	

DOCUMENTACIÓN

- Documentación relativa á licenza (ou dereito derivado da declaración responsable ou comunicación previa).
- Documentación relativa á adquisición do local ou a actividade (citada).
- Fotocopia da alta no IAE.
- Fotocopia do contrato de aluguer ou escritura da propiedade do local.
- Fotocopia da escritura de constitución da sociedade, de ser o caso.
- Calquera outra documentación que a normativa urbanística ou sectorial requira.
- Xustificante do pagamento das taxas, de ser o caso.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de declaración responsable**	

Interesado/a

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo para os efectos de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Representante

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo para os efectos de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Expoño

Que de conformidade coa Ordenanza municipal de actividades e o resto da normativa aplicable, veño a efectuar **DECLARACIÓN RESPONSABLE** pola que declaro que a actividade que vou levar a cabo consistente en _____, sita en _____ con denominación comercial _____ cumpre con toda a normativa preceptiva, segundo se acredita na certificación de técnico competente que se achega a esta solicitude.

Declaro

Estar en posesión da seguinte documentación administrativa:

- ☐ Licenza de primeira ocupación do inmoble onde se vai a instalar a actividade (no suposto de que a edificación careza dela deberá acreditarse a súa antigüidade).
- ☐ Licenza de obra necesaria para a adaptación ou acondicionamento do local, de ser o caso.
- ☐ Autorizacións sectoriais preceptivas para o funcionamento da actividade
- ☐ Xustificante do pago dos tributos municipais correspondentes, co número de documento de ingreso _____

Autorizo

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito, a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da activade a desenvolver.

O que asino de xeito responsable

O Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 20__

Asinado: O/A interesado/a representante

Asinado: O/A

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello Do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de declaración responsable**	

DOCUMENTACIÓN

- Plano de situación da cartografía municipal.
- Plano do local coas súas instalacións.
- Acreditación subscrita por técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable. (A acreditación presentarase no modelo aprobado polo Concello).
- Certificado de seguridade e solidez estrutural.
- A declaración responsable debe incluír:
  a. O nome, enderezo, teléfono e, de ser o caso, o enderezo de correo electrónico do/a responsable.
  b. O nome, enderezo, teléfono e, de ser o caso, a dirección de correo electrónico do/a representante.
  c. A situación exacta do local da actividade.
  d. A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
  e. Declaración, baixo a súa responsabilidade, de que a actividade vai desenvolverse de acordo ca normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de comunicación previa**	

Interesado/a

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social			
Enderezo para os efectos de notificacións	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /	
Correo electrónico				

Representante

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social			
Enderezo para os efectos de notificacións	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /	
Correo electrónico				

Expoño

Que de conformidade coa Ordenanza municipal de actividades e o resto da normativa aplicable, veño a efectuar **COMUNICACIÓN PREVIA** pola que declaro que a actividade que vou levar a cabo consiste en _____ _____, sita en _____ con denominación comercial _____ cumpre con toda a normativa preceptiva segundo se acredita na certificación de técnico competente que se achega a esta solicitude. Esta actividade ten pagados os tributos municipais correspondentes á licenza co número de documento de ingreso _____.

Autorizo

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito a comprobación telemática con outras Administracións públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da activade a desenvolver.

Comunico

Que iniciará a actividade a partires do día _____ (en caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

O que asino de xeito responsable

O Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 20__

Asinado: O/A interesado/a

Asinado: O/A representante

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de comunicación previa**	

DOCUMENTACIÓN

- Plano de situación da cartografía municipal.
- Plano do local coas súas instalacións.
- Acreditación subscrita por técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable. (A acreditación presentarase no modelo aprobado polo Concello).
- Certificado de seguridade e solidez estrutural.
- A comunicación previa debe incluír:
  a. O nome, enderezo, teléfono e, de ser o caso, o enderezo de correo electrónico do/a titular ou titulares.
  b. O nome, dirección, teléfono e, de ser o caso, a dirección de correo electrónico do/a representante.
  c. A situación exacta do local da actividade.
  d. A descrición da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Acreditación técnica de actividade**	

(Encher polo/a técnico/a)

EXPEDIENTE NOVO ☐ MODIFICACIÓN/AMPLIACIÓN ☐					NÚM. EXPTE. INCIAL

Titular

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Técnico/a competente

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /	Fax	
Correo electrónico					

Datos da actividade

Descripción da actividade					
Referencia catastral do local da actividade					Cubrir con todos os números e todas as letras que aparecen no recibo do IBI
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta

Usos

Clasificación do solo	URBANO ☐	RÚSTICO ☐	URBANIZABLE ☐	SOLO DE NUCLEO RURAL ☐
Cualificación do solo (Ordenanza)		Uso segundo o PXOM		
Conformidade ou desconformidade da edificación con respecto ao PXOM				
Cumpre toda a normativa urbanística e ordenanzas municipais de apliación:	SI ☐	NON ☐		

Datos específicos da actividade

Altura do local	Superficie (construída)	Superficie (útil)	Superficie ampliación	Carga ponderada
Potencia mecánica (KW)			Aforo total	
Nivel de illamento acabado con respecto ás vivendas estremeiras _____db (A)				

Relación das instalacións de que dispón a actividade

ELÉCTRICA:	SI ☐	NON ☐	CONTRA INCENDIOS:	SI ☐	NON ☐
CLIMATIZACIÓN/VENTILACIÓN FORZADA:	SI ☐	NON ☐	OUTRAS:	SI ☐	NON ☐
GAS:	SI ☐	NON ☐			

Concello O Pereiro de Aguiar	**Acreditación técnica de actividade**	

Planos que se deben achegar

- Plano de emprazamento de planimetría municipal a escala 1:500 ou 1: 1000 no que figure a totalidade da parcela onde se atope situada a actividade.
- Plano de planta a escala, non menor de 1:100, con situación de instalacións e maquinaria.
- Plano de sección a escala, non menor de 1:100, con situación de instalacións e maquinaria.
- Esquema unifilar da instalación eléctrica.

Autorizacións sectoriais preceptivas previas á instalación

Autorizacións sectoriais preceptivas para o funcionamento da actividade

Certificación técnica do cumprimento da normativa de aplicación

_____ técnico/a director/a das instalacións e medidas correctoras, en posesión do título de _____ co número de colexiado/a _____

ACREDITO:

1. Que a instalación da actividade foi realizada baixo a miña dirección.
2. Que se teñen adoptado con eficacia as medidas correctoras necesarias para dar cumprimento a toda a normativa técnica de aplicación, PXOM, así como garantido que non se produzan molestias á veciñanza.
3. Que actividade e as instalacións executadas axústanse ao descrito na presente documentación.
4. Que o illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal e demais normativa de aplicación
5. Que a actividade cumpre o disposto na vixente normativa contra incendios e na vixente normativa técnica sectorial correspondente.
6. Que a actividade cumpre o establecido na Lei 8/97 e Decreto 35/2000, para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.

O Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 20__

(Sinatura do técnico/a autor/a do proxecto)
Indicar nome e apelidos e núm. de colexiado

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Modelo de certificado de execución das instalacións e medidas correctoras das actividades suxeitas a declaración responsable**	

Certificado (a cumprimentar polo/a técnico/a)

_____, co número de colexiado/a _____ pertencente ao Colexio Oficial _____ técnico/a facultativo/a competente director/a das instalacións e medias correctoras referentes á actividade solicitada de _____ CERTIFICO en data _____:

1. Que a instalación da actividade foi realizada baixo a miña dirección.
2. Que a actividade e as instalacións executadas axústanse ao descrito na documentación pertencente ao número de expediente municipal _____ e concretamente ao proxecto da actividade subscrito por _____ _____ , así como os anexos e/o proxectos seguintes: _____ _____
3. Que se teñen adoptado con eficacia todas as medidas correctoras impostas polo permiso de instalación e as que figuran no proxecto, e que estas son suficientes para garantir que non se producen molestias á veciñanza.
4. Que cumpre as ordenanzas municipais, os regulamentos e, en xeral, toda a normativa técnica de aplicación.
5. Que o illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal e demais normativa técnica de aplicación
6. Que a actividade cumpre o establecido na normativa sectorial correspondente.
7. Que a actividade cumpre o establecido na Lei 8/1997 e Decreto 35/2000, para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.
8. Que a actividade dispón das preceptivas autorizacións de instalacións e subministracións sectoriais para a apertura ao público e para o funcionamento da actividade (débense especificar as autorizacións sectoriais das que se dispoña e a empresa instaladora que as executou, con indicación do seu número no rexistro especial de empresas instaladoras).

Titular da actividade (a cumprimentar polo/a técnico/a)

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo para os efectos de notificacións		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia	Teléfono /		
Correo electrónico					

Datos da actividade

Rúa	CP	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
Referencia catastral do local da actividade					Cubrir con todos os números y todas as letras que aparecen no recibo do IBI
Tipo de actividade principal		Tipo de actividade secundaria (de ser o caso)			
Superficie da actividade principal	Superficie da actividade secundaria (de ser o caso)	Superficie construída			
Aforo	Aforo de público (no caso de catalogadas)	Horario (no caso de catalogadas)			
Resumo indicativo das instalación existentes (baixa tensión, potencia instalada; climatización, potencia térmica; contra incendios, carga de fogo ponderada ou nivel de risco intrínseco; produtos petrolíferos; aparatos a presión e instalacións similares:					

O Pereiro de Aguiar, _____ de _____ de 20__

(Sinatura do técnico/a autor/a do proxecto) (Sinatura do/a solicitante)

Indicar nome e apelidos e núm. de colexiado Conforme

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

Concello O Pereiro de Aguiar	**Solicitude licenza de apertura**	

DATOS IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE

Espazo reservado para a etiqueta identificativa **Pegue unha etiqueta en cada un dos exemplares do impreso. Se non dispón de etiquetas cubra os datos que se solicitan e achegue fotocopia do NIF ou, no seu defecto,CIF)**	☐ Actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. ☐ Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental

NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	NOME COMERCIAL

ENDEREZO FISCAL

S.G.	NOME DA VÍA PÚBLICA	C. VÍA	NÚM.	KM	ESC.	PISO	TELÉFONO

CÓD. POSTAL	CONCELLO	C. MUN.	PROVINCIA	C. PROV

DATOS DO REPRESENTANTE

NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL

ENDEREZO FISCAL

S.G.	NOME DA VÍA PÚBLICA	C. VÍA	NÚM.	KM	ESC.	PISO	TELÉFONO

CÓD. POSTAL	CONCELLO	C. MUN.	PROVINCIA	C. PROV

DATOS DA ACTIVIDADE

Tipo de cota	☐ Nacional	☐ Provincial	☐ Municipal	
Tipo de actividade	☐ Empresarial	☐ Profesional	☐ Artística	☐ Local afecto indirectamente

Descrición da actividade	Grupos ou Epígrafes
	1 2 3

Enderezo da actividade

S.G.	NOME DA VÍA PÚBLICA	C. VÍA	NÚM.	KM	ESC.	PISO	TELÉFONO

Referencia catastral (*dato imprescindible)*

Notas que son de aplicación	Agrupación				Grupo				Epígrafe				Actividade principal
Regras que son de aplicación:Regra 4/2 f)			Regra 7ª										

Non suxeito ao IAE

LOCAL AFECTO DIRECTAMENTE Á ACTIVIDADE

S.G.	NOME DA VÍA PÚBLICA	C. VÍA	NÚM.	KM	ESC.	PISO	TELÉFONO

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello do Pereiro de Aguiar. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

A) Cando se trate dunha actividade regulada polo Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental:

1. Proxecto técnico por duplicado en papel e en formato dixital en triplicado, redactado por facultativo competente que conterá, cando menos, a seguinte documentación:

a. Memoria descritiva e xustificativa da actividade para desenvolver con indicación expresa do seguinte:

- Superficie útil e construída da actividade.
- Previsión da potencia para instalar contemplando a destinada a forza e a iluminación por separado.
- Uso actual do local.
- Uso ó que se destinará cada unha das súas dependencias.
- Descrición das obras que se pretenden facer para acondiciona-lo local.
- Xustificación do cumprimento do disposto no art. 7 do Decreto 133/2008, así como no Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais (RD 786/2001), documentación esixida no CTE, de se-lo caso, no Plan parcial do Parque Empresarial (de se-lo caso), no Plan xeral de ordenación municipal e demais lexislación sectorial.
- Así mesmo, nos casos que corresponda deberá xustificarse o cumprimento do Regulamento xeral de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas.
- Descrición do sistema de ventilación e renovación de aire, iluminación e saída de fumes adaptada á normativa vixente.
- Aforo. Descrición do seu cálculo.

a) Memoria: na que se indicará o obxecto do proxecto e xustificarase a solución adoptada de acordo coa normativa que lle sexa de aplicación. Así mesmo, xustificarase o cumprimento do Plan xeral e incluirase un cadro comparativo dos parámetros urbanísticos esixidos polo planeamento e os adoptados no proxecto.

b) Planos de emprazamento e situación: os planos de emprazamento redactaranse sobre a base dos planos de ordenación deste plan xeral, sempre achegando un plano dos incluídos a escala 1:5.000 e outro do núcleo onde se pretenda edificar á escala maior dos existentes. No solo rústico utilizarase a cartografía a escala 1:5.000.

Os planos de situación redactaranse a escala 1:500, relacionándoos cos elementos urbanos, a parcelación e a ordenación urbanística existente.

No caso de locais: plano de situación do local en relación coa planta do edificio no que se reflicta o acceso dende a rúa.

c) Planos de edificación: a escala mínima 1:100.

d) Prego de condicións: condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras.

A) Turismos:

De menos de ocho caballos fiscales; 13,12

De 8 hasta 11,99 caballos fiscales; 35,44

De 12 hasta 15,99 caballos fiscales; 74,82

De 16 hasta 19,99 caballos fiscales; 93,19

De 20 caballos fiscales en adelante; 116,48

B) Autobuses:

De menos de 21 plazas; 86,63

De 21 a 50 plazas; 123,39

De más de 50 plazas; 154,23

C) Camiones:

De menos de 1.000 kilogramos de carga útil; 43,97

De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil; 86,63

De más de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil; 123,39

De más de 9.999 kilogramos de carga útil; 154,23

D) Tractores:

De menos de 16 caballos fiscales; 18,38

De 16 a 25 caballos fiscales; 28,88

De más de 25 caballos fiscales; 86,63

E) Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 y más de 750 kilogramos de carga útil; 18,38

De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil; 28,88

De más de 2.999 kilogramos de carga útil; 86,63

F) Vehículos:

Ciclomotores; 4,59

Motocicletas hasta 125 centímetros cúbicos; 4,60

Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos; 7,87

Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos; 15,76

Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos; 31,50

Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos; 63,00

Disposición final:

La presente modificación de la ordenanza fiscal entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2012, y permanecerá en vigor hasta a su modificación o derogación expresa.

Vilar de Santos, 23 de diciembre de 2011. El alcalde.

Fdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

R. 5.751

Vilar de Santos

Anuncio

Elevouse a definitivo o acordo plenario de aprobación da modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, adoptado en sesión realizada o 11 de novembro de 2011, e de conformidade co artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro dos preceptos modificados:

"Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota:

O tipo de gravame será

a. Para os bens inmobles de natureza urbana: o 0,39 %, en aplicación do previsto no artigo 72.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto

refundido da Lei reguladora das facendas locais, que lles permite ós concellos nos que entren en vigor novos valores catastrais resultantes de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, establecer, durante un período máximo de seis anos, tipos de gravame reducidos que non poderán ser inferiores ó 0,1 % para os bens inmobles urbanos.

b. Para os bens inmobles de natureza rústica: o 0,30 %.

c. Para tódolos grupos de bens inmobles de características especiais: o 0,60 %.

Artigo 9º. Bonificacións:

4. Ó amparo do previsto no artigo 74.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese unha bonificación do 60% da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos de uso primario (agrícola, gandeiro, forestal ou análogo) que conforme o vixente PXOM de Vilar de Santos estean clasificados como solo de núcleo rural residencial de expansión no núcleo de Vilar de Santos, ou como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación nos núcleos das Casas da Veiga, Castelaus, O Mosqueiro, A Ponte, Parada-Outeiro, O Vieiro, Toxediño, A Venda, Bréixome de Abaixo, Bréixome de Arriba e Laioso.

A bonificación establécese en virtude das peculiares características destes inmobles por estaren situados en zonas do concello que, conforme á lexislación e ó planeamento urbanístico vixente, corresponden a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia da actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal ou análogos, e que dispoñen dun nivel de servizos municipais, infraestruturas e equipamentos colectivos inferior ó existente nas zonas consolidadas do concello, e que teñen unhas características económicas que aconsellan unha especial protección e mentres se manteñan as devanditas circunstancias.

Disposición final:

Esta modificación da ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2012, permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Vilar de Santos, 23 de decembro de 2011. O alcalde.

Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

Anuncio

Se ha elevado a definitivo el acuerdo plenario de modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aprobado inicialmente por el Pleno en sesión realizada el 11 de noviembre de 2011, y de conformidad con el artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se publica el texto íntegro de los preceptos modificados:

"Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles

Artículo 8º. Tipo de gravamen y cuotas:

El tipo de gravamen será:

a. Para los bienes inmuebles de naturaleza urbana: el 0,39 %, en aplicación de lo previsto en el artículo 72.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que permite a los ayuntamientos en los que entren en vigor nuevos valores catastrales resultantes de procedimientos de valoración colectiva de carácter general, establecer, durante un período máximo de seis años, tipos de gravamen reducidos que no podrán ser inferiores al 0,1 % para los bienes inmuebles urbanos.

b. Para los bienes inmuebles de naturaleza rústica: el 0,30%.

c. Para todos los grupos de bienes inmuebles de características especiales: el 0,60%.

Artículo 9º. Bonificaciones:

4. Al amparo de lo previsto en el artículo 74.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se establece una bonificación del 60% de la cuota íntegra del impuesto a favor de los bienes inmuebles urbanos de uso primario (agrícola, ganadero, forestal o análogo) que conforme al vigente PGOM de Vilar de Santos estén clasificados como suelo de núcleo rural residencial de expansión en el núcleo de Vilar de Santos, o como suelo de núcleo rural no consolidado por la edificación en los núcleos de As Casas da Veiga, Castelaus, O Mosqueiro, A Ponte, Parada-Outeiro, O Vieiro, Toxediño, A Venda, Bréixome de Abaixo, Bréixome de Arriba y Laioso.

La bonificación se establece en virtud de las peculiares características de estos inmuebles, por estar ubicados en zonas del ayuntamiento que, conforme a la legislación y al planeamiento urbanístico vigente, corresponden a asentamientos de población singularizados por su vinculación o preeminencia de las actividades primarias de carácter agrícola, ganadero, forestal o análogos y que disponen de un nivel de servicios municipales, infraestructuras y equipamientos colectivos inferior al existente en las zonas consolidadas del ayuntamiento, y que tienen unas características económicas que aconsejan una especial protección mientras se mantengan dichas circunstancias.

Disposición final:

La presente ordenanza fiscal entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y será de aplicación a partir del 1 de enero de 2011, y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Vilar de Santos, 23 de diciembre de 2011. El alcalde.

Fdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

R. 5.746

Vilar de Santos

Anuncio

O Pleno, na sesión do 11.11.2011, aprobou a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de tractor rozadora, e exposta ó público sen que se presentasen reclamacións, fica definitivamente aprobada e publícase o texto íntegro dos preceptos modificados, de conformidade co previsto art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de tractor rozadora no concello de Vilar de Santos:

"Artigo 4º. Prezos

4.1.- O importe do prezo público fíxase na contía de 35 euros por hora de traballo.

Disposición final

A modificación desta ordenanza entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa, e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce."

Vilar de Santos, 23 de decembro de 2011. O alcalde.

Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

Anuncio

El Pleno, en sesión de 11.11.2011, ha aprobado la modificación de la Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Prestación del Servicio de Tractor Desbrozadora, y expuesta al público sin que se presentasen reclamaciones, queda definitivamente aprobada y se publica el texto íntegro de los preceptos modificados, de conformidad con lo previsto en el art. 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Ordenanza Reguladora del Precio Público por la Prestación del Servicio de Tractor Desbrozadora en el Ayuntamiento de Vilar de Santos:

"Artículo 4º. Precios

4.1.- El importe del precio público se fija en la cuantía de 35 euros por hora de trabajo.

Disposición final

La modificación de esta ordenanza entrará en vigor el mismo día en que se produzca su publicación en el Boletín Oficial da Provincia, y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa, y comenzará a aplicarse a partir del uno de enero del dos mil doce."

Vilar de Santos, 23 de diciembre de 2011. El alcalde.

Fdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

R. 5.744

Vilar de Santos

Anuncio

Elevouse a definitivo o acordo plenario de aprobación da modificación parcial das ordenanzas fiscais da taxa pola recollida do lixo, da taxa pola subministración de auga e da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal, adoptado en sesión realizada o 11 de novembro de 2011, e de conformidade co artigo 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o texto íntegro dos preceptos modificados:

- Ordenanza fiscal da taxa pola recollida do lixo

"Artigo 6º.- Cotas tributarias.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local. A tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

- Vivendas 35,00 euros
- Establecementos de alimentación,
comerciais, industrias ou mercantís
e outras non especialmente tarifadas 52,00 euros
- Granxas .16,00 euros

Disposición final.

Esta modificación da Ordenanza fiscal da taxa pola recollida do lixo entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce."

- Ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga

"Artigo 4º.- Cota tributaria

A) A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada en función das seguintes tarifas por consumo de auga:

- Cota fixa: 6,50 euros por semestre.
- De máis de 0 m3 a 120 m3, por semestre: 0,21 euros/m3.
- De máis de 120 m3 a 180 m3, por semestre:0,25 euros/m3.
- De máis de 180 m3 a 240 m3, por semestre: 0,44 euros/m3.
- De máis de 240 m3, por semestre: 1,50 euros/m3.

Nestes prezos non se inclúe o IVE.

B) Estas tarifas aplicaranse durante todo o ano.

C) A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de enganche ou conexión coa rede xeral por cada domicilio, esixirase unha soa vez e consistirá na cantidade de 130,00 euros, sempre que a distancia desde a conexión coa rede xeral ata o límite exterior da propiedade do solicitante non supere os catro metros lineais. Noutro caso, engadirase á cota anterior 3,00 euros por cada metro a maiores.

Disposición final

Esta modificación da Ordenanza fiscal da taxa pola subministración de auga entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce."

- Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal:

Artigo 4º.- Cota tributaria

A contía da taxa pola utilización da piscina municipal será a resultante de aplica-las seguintes tarifas:

- Tarifa individual 1,50 €
- Bono:

a) Bono temporada 20,00 €

b) Bono mensual (por meses naturais) 14,00 €

As diversas modalidades de bonos emitiraos o concello a solicitude do interesado e serán persoais e intransferibles.

Disposición final

Esta modificación da Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal entrará en vigor o mesmo día no que se produza a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa, e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro do dous mil doce"

Vilar de Santos, 23 de decembro de 2011. O alcalde.

Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.

Anuncio

Se ha elevado a definitivo el acuerdo plenario de aprobación de la modificación parcial de las ordenanzas fiscales de la tasa por la recogida de basura, de la tasa por el abastecimiento de agua y de tasa por la prestación del servicio de piscina municipal, adoptado en sesión realizada el 11 de noviembre de 2011, y de conformidad con el artículo 17.4 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, se publica el texto íntegro de los preceptos modificados:

-"Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Recogida de Basura

Artículo 6º.- Cuotas tributarias.

La cuota tributaria consistirá en una cantidad fija por unidad de local. A tal efecto, se aplicarán las siguientes tarifas:

- Viviendas 35,00 €

- Establecimientos de alimentación, comerciales, industriales o mercantiles y otras no especialmente tarifadas 52,00 €

- Granjas .16,00 €

Disposición final.

La presente modificación de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Recogida de Basura entrará en vigor el mismo día en el que se produzca su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa, y comenzará a aplicarse a partir del uno de enero de dos mil doce."

-"Ordenanza Fiscal de la Tasa por el Suministro de Agua

Artículo 4º.- cuota tributaria

A) La cuantía de la tasa regulada en esta ordenanza será fijada en función de las siguientes tarifas por consumo de agua:

- Cuota fija: 6,50 € por semestre.

- De más de 0 m3 a 120 m3, por semestre: 0,21 €/m3.

- De más de 120 m3 a 180 m3, por semestre: 0,25 €/m3.

- De más de 180 m3 a 240 m3, por semestre: 0,44 €/m3.

- De más de 240 m3, por semestre: 1,50 €/m3.

En estos precios no se incluye el IVA.

B) Estas tarifas se aplicarán durante todo el año.

C) La cuota tributaria correspondiente a la concesión de la licencia o autorización de enganche o conexión con la red general por cada domicilio se exigirá una sola vez, y consistirá en la cantidad de 130,00 euros, siempre que la distancia desde la conexión con la red general hasta el límite exterior de la propiedad del solicitante no supere los cuatro metros lineales. En otro caso se añadirá a la cuota anterior 3,00 euros por cada metro a mayores.

Disposición final

La presente modificación de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por el Suministro de Agua entrará en vigor el mismo día de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa, y comenzará a aplicarse a partir del uno de enero del dos mil doce."

Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Prestación del Servicio de Piscina Municipal:

Artículo 4º.- Cuota tributaria

La cuantía de la tasa por la utilización de la piscina municipal será la resultante de aplicar las siguientes tarifas:

- Tarifa individual 1,50 €

- Bono:

c) Bono temporada 20,00 €

d) Bono mensual (por meses naturales) 14,00 €

Las diversas modalidades de bonos las emitirá el ayuntamiento a solicitud del interesado y serán personales e intransferibles.

Disposición final

La presente modificación de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Prestación del Servicio de Piscina Municipal entrará en vigor el mismo día en que se produzca su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa, y comenzará a aplicarse a partir del uno de enero del dos mil doce"

Vilar de Santos, 23 de diciembre de 2011. El alcalde.

Fdo.: Xosé Xosé Jardón Pedras.

R. 5.743

Xinzo de Limia

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía, con data 13.12.11, aprobáronse as bases e a convocatoria para cubri-la praza de letrado para este Concello de Xinzo de Limia mediante concurso-oposición libre.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

Bases que rexerán para a provisión en propiedade dunha praza de letrado, grupo A, subgrupo A1, mediante o sistema de concurso-oposición, vacante no cadro de persoal deste concello.

I.- Normas xerais:

Primeira.- Obxecto da convocatoria. O obxecto destas bases é a regulación do proceso selectivo para cubrir en propiedade a praza de persoal funcionario vacante no cadro de persoal de funcionarios do Concello de Xinzo de Limia, letrado, escala administración especial, subescala técnica superior, clase técnicos, grupo clasificación A. subgrupo A1, dos establecidos no art. 76 da Lei 7/2007, reguladora do Estatuto básico do empregado público, incluída na oferta de emprego público do exercicio 2011, aprobada por Resolución da Alcaldía do día 12 de setembro de 2011, e publicada no Boletín da Provincia de Ourense n.º 225, do 4 de outubro de 2011 e no Diario Oficial de Galicia n.º 196, con data 13 de outubro de 2011. (art. 70.2 EBEP)

As súas funcións desenvolveranse, en parte, no seo do Departamento de Secretaría e así mesmo, tendo en conta a adscrición do posto á escala da administración especial, o desenvolvemento das súas funcións terá carácter transversal nos departamentos ou unidades doutras áreas administrativas no tocante ó asesoramento xurídico, e terá carácter autónomo no relativo ós procedementos xudiciais. Con carácter enunciativo, as ditas funcións, serán as seguintes:

-Defensa letrada en representación do Concello de Xinzo de Limia.

-Asesoramento xurídico xeral.

-Asesoramento e asistencia xurídico-administrativa, no eido das súas competencias, para os diferentes departamentos ou servizos.

-Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

II.- Requisitos dos aspirantes:

Segunda.-Requisitos. Para participar nas probas selectivas cómpre:

- Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea nos termos previstos non artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, de se-lo caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións. As persoas con discapacidade deberán facelo constar na instancia, indicando se precisan adaptacións para realiza-las probas.

- Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo en calquera Administración pública do Estado. comunidade autónoma ou entidade local, nin atoparse inhabilitado para ou exercicio das funcións públicas.

- Estar en posesión do título de licenciado/a en Dereito ou equivalente (deberá acreditarse a dita equivalencia). Nos supostos de titulacións obtidas non estranxeiro deber estar en posesión do documento oficial que acredite a homologación. A equivalencia, validación ou homologación dos títulos deberá ser debidamente acreditada polos aspirantes no momento de presentación das instancias mediante certificación expedida polo organismo competente en cada caso.

- Estar colexiado como avogado en España.

Terceira.- Prazo límite para reuni-los requisitos. Os requisitos establecidos na base segunda e mailos méritos alegados conforme ó anexo I deberán posuírse no momento de finaliza-lo prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión como funcionario de carreira.

Cuarta.-Discapacidades. As persoas con discapacidade serán admitidas en igualdade de condicións que os demais aspirantes, sen que se establezan exclusións por limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Estas persoas deberán indicar na instancia as necesidades de adaptación en tempo e medios para a realización dos exercicios para os efectos de que o tribunal proceda a toma-las medidas que estime oportunas neste senso.

Quinta.-Réxime de incompatibilidades. Os aspirantes que resulten nomeados para esta praza quedarán sometidos, dende o momento da súa toma de posesión, ó réxime de incompatibilidades da Lei 53/1984, do 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas e non poderán simultanea-lo desempeño desta co de calquera outras prazas, cargos ou empregos remunerados con fondos do

Concello de Xinzo de Limia, do Estado, das comunidades autónomas, de entidades ou corporacións locais, ou de empresas que teñan carácter oficial ou relación cos ditos organismos, aínda que os soldos teñan carácter de gratificación ou emolumentos de calquera clase.

Título III.- Forma e prazo na presentación de solicitudes.-

Sexta.-Solicitude e documentación que se deberá presentar. As instancias polas que se solicite tomar parte no proceso selectivo dirixiránselle alcalde do Concello de Xinzo de Limia e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do concello, situado na rúa Curros Enríquez, n.° 15, 32630, Xinzo de Limia, Ourense, ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, podéndose utiliza-la instancia modelo que se propón como anexo III desta convocatoria. No caso de que non se presente no Rexistro de Entrada deste concello, senón noutros rexistros admisibles, deberase remitir, dentro do prazo de presentación, copia do presentado ó fax co número 988 550 112 indicando a dita circunstancia e identificando o aspirante, para a súa admisión.

As solicitudes presentadas a través da oficina de Correos deberán ir en sobre aberto para ser datadas e seladas polo funcionario do dito organismo antes de ser certificadas.

As instancias reunirán os requisitos xenéricos establecidos no artigo 70.1 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e nelas os aspirantes deberán manifestar inequivocamente que reúnen todos e cada un dos requisitos de admisión establecidos na base segunda referidos á data de fin de prazo de presentación de instancias.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contado desde o seguinte ó de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado ou no DOG (último anuncio), e deberán publicarse as bases integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Xinzo de Limia.

Xunto á instancia deberá presentarse a seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada da titulación, e acreditación da equivalencia, validación ou homologación, de se-lo caso.
- Declaración na que se acredite posuí-la capacidade funcional para o desempeño das tarefas dun letrado.
- Declaración na que se acredite non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo en calquera administración pública do Estado, comunidade autónoma ou entidade local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Solicitude de exención da proba de coñecemento da lingua galega, por estar en posesión do certificado CELGA 4, e acreditación deste, de se-lo caso.
- Relación de méritos alegados, tanto profesionais como de formación na orde na que se citan para os efectos de valoración na fase de concurso, segundo se especifica no anexo I, cuxa documentación acreditativa deberá presentarse, debidamente autenticada coa solicitude ou se non se dispuxese dalgún dos documentos por motivo non imputable ó interesado, sempre previo ó inicio da fase de concurso. En todo caso, os méritos alegados deben reunirse referidos á data de fin de presentación de solicitudes.
- Documento demostrativo de pertencer ó colexio de avogados no que estea inscrito o aspirante.

Título IV.- Admisión de aspirantes e designación do tribunal.-

Sétima.- Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación dos motivos de exclusión, de se-lo caso. A dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do concello, e nela sinalarase un prazo de dez días hábiles, a partir do seguinte á publicación, para emendar, de se-lo caso, o motivo que motivou a exclusión.

Unha vez transcorrido o prazo de corrección, a Alcaldía ditará Resolución pola que declarará aprobada a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, nun prazo máximo de quince días a partir da finalización do prazo de reclamacións, e nesta resolverá a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas no prazo de dez días anteriormente sinalado. Esta resolución, que se publicará no mesmo lugar que a provisional, fará consta-la composición do tribunal cualificador xunto co día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio de selección.

Os anuncios da realización das sucesivas probas deberán face-los públicos o órgano de selección nos locais onde se realizase a proba anterior e no taboleiro de anuncios do concello, con, polo menos, tres días de antelación ó comezo desta.

Título V.-Tribunal cualificador.

Oitava.- Tribunal cualificador.O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

Presidente: un funcionario da Administración autonómica

Secretario: un funcionario da Administración local ou autonómica.

Vocais: tres funcionarios da Administración local ou autonómica.

O tribunal cualificador do proceso será designado por resolución da Alcaldía e a súa composición será a determinada pola lexislación vixente en materia de selección de persoal, tendo en conta o previsto na Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e lexislación concordante.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándollo ó alcalde cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administración públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas bases, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O tribunal poderá dispoñe-la incorporación ás súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estas a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.Os/as vocais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (RD 896/91 do 7 de xuño, art. 4 e)).

Ningún tribunal poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, e en todo caso, do presidente e secretario ou quen os substitúa.

Cando o procedemento selectivo así o aconselle, por razón do número de aspirantes presentados ás probas ou por outras circunstancias, o tribunal, por medio da Presidencia, poderá dispo-la incorporación a este doutros traballadores municipais como colaboradores baixo a dirección do tribunal.

Título VI.- Identificación e chamamentos.-

Novena.- Identificación dos aspirantes. O tribunal poderá requirir en calquera momento ós aspirantes que acrediten a súa identidade, para cuxo fin deberán estar provistos do DNI. Na realización do exercicio garantirase, sempre que sexa posible,

o anonimato dos aspirantes.

Décima.- Chamamentos e orde de actuación dos aspirantes. Os aspirantes serán convocados en chamamento único. Salvo casos de forza maior, invocados con anterioridade, debidamente xustificados e apreciados polo tribunal con absoluta liberdade de criterio, a non presentación dun aspirante ó exercicio da fase de oposición, no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nel, quedando, en consecuencia, excluído do procedemento selectivo.

A orde de actuación dos aspirantes realizarase de acordo coa Resolución do 1 de febreiro de 2011 da Consellería de Facenda pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, comezando pola letra L.

Título VII.- Forma e contido das probas selectivas.

Undécima.- Fases do proceso selectivo. O proceso de selección constará das seguintes fases: concurso e oposición.

A) Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos aspirantes, alegados e adecuadamente acreditados por eles. Esta fase de concurso será previa á de oposición e non poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición.

Os méritos para valorar polo tribunal cualificador para os efectos de determina-la puntuación na fase de concurso, serán os alegados polos aspirantes durante o prazo de presentación de instancias, sempre que fosen acreditados documentalmente previamente ó inicio da fase de concurso. Non se tomarán en consideración os alegados con posterioridade ó remate daquel prazo nin os acreditados con posterioridade a este. A documentación xustificativa dos méritos deberá ir grampada, ordenada e numerada seguindo a orde do anexo I

A puntuación máxima desta fase será de 20 puntos, valorándose cada un dos méritos da maneira establecida no anexo I .

A relación das puntuacións obtidas nesta fase publicarase no taboleiro de edictos do concello e poderá recorrerse nun prazo de dez días, contado dende o día seguinte ó da publicación. De non existir alegacións ou desestimarse as mesmas, elevarase automaticamente a definitivo o listado xa exposto. Caso contrario, publicarase, no mesmo lugar o listado coas puntuacións definitivas.

B) Fase de oposición:

Para a práctica dos exercicios da fase de oposición, os tribunais poderán requirirlles, en calquera momento, ós opositores que acrediten a súa identidade, polo que deberán acudir provistos de DNI ou documento equivalente. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluiráselle desta, trala audiencia do interesado. A exclusión será acordada polo alcalde, a proposta do tribunal.

A fase de oposición constará de catro exercicios, dous teóricos e un práctico, obrigatorios e eliminatorios. A fase de oposición finalizará cun cuarto exercicio obrigatorio e eliminatorio no que se acreditará o coñecemento da lingua galega, e no que se cualificará o aspirante como "apto" ou "non apto". Quedarán exentos da realización deste exame aqueles aspirantes que acrediten, dentro do prazo de presentación de solicitudes, estar en posesión do certificado de coñecemento de galego Celga 4.

Primeiro exercicio (teórico):

O primeiro exercicio, de carácter eliminatorio, consistirá nunha proba obxectiva (tipo test) de 80 preguntas, con 4 respostas posibles e só unha correcta, cun valor de 0.25 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0.125. As deixadas en branco non se contabilizarán. Para aprobar este exame deberá obterse un mínimo de dez puntos sobre un máximo de vinte. Disporase para a súa realización dun tempo máximo de hora e media

Os temas deste primeiro exercicio son os que figuran no anexo II, baixo a rúbrica "Materias xerais”".

Segundo exercicio (teórico):

Consistirá en contestar por escrito, durante o tempo máximo de hora e media, unha cuestión (de entre dúas propostas polo tribunal e determinadas por este inmediatamente antes do comezo da proba) relativa ás “materias específicas” do temario incluído no anexo II. Valorarase, ademais dos coñecementos do tema en cuestión, a redacción, a claridade das ideas e da exposición e a súa sintaxe e a estruturación. Puntuarase de cero a 30 puntos e deberase obterse un mínimo de 15 para aprobar.

Terceiro exercicio (práctico):

Consistirá na resolución práctica dun suposto ou supostos, que poderán ter varios apartados, formulados polo tribunal sobre temas relativos ás funcións da praza á que se aspira, durante un tempo fixado ó seu prudente arbitrio, tendo en conta a dificultade técnica do suposto e non poderá excederse dun tempo máximo de dúas horas. O tempo de realización comunicaráselles ós opositores con antelación ó comezo de exercicio.

O tribunal valorará a formación xurídica, a claridade e orde de ideas, o acerto na formulación de conclusións, e a achega persoal do aspirante. Para a realización deste exercicio, os aspirantes poderán consulta-los textos legais dos que vaian provistos. O exercicio valorarase de cero a trinta puntos e deberán obter un mínimo de quince para aprobar.

Cuarto exercicio (práctico):

Consistirá na tradución ó galego dun texto en castelán, durante un período de 30 minutos. Valorarase a exactitude e adecuación á normativa lingüística. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acreditasen, cos requisitos iniciais, estar en posesión do Celga 4.

Este exame, obrigatorio para os non exentos, terá carácter eliminatorio e cualificarase ó aspirante unicamente como apto ou non apto.

Todos os exames, excepto o cuarto, poderán redactarse en galego ou castelán, a elección do aspirante.

Título VIII.- Sistema de determinación dos aprobados

Duodécima.- Determinación de aprobados. Superarán o concurso oposición os aspirantes que obteñan, unha vez sumados os puntos do concurso e da a fase de oposición, as cualificacións máis altas, ata alcanzar, como máximo, o total de prazas convocadas. No caso de producirse empate entre dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do que teña máis puntuación no segundo exercicio e de persistir este, no terceiro.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas, calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Título IX.- Lista de aprobados e proposta do tribunal cualificador

Décimo terceira.- Publicación da lista de aprobados. Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará a relación de aprobados, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos da sede do concello.

Décimo cuarta.- Elevación da lista e da acta da última sesión. Simultaneamente á súa publicación no taboleiro de edictos da sede do concello, o tribunal remitirá a relación expresada coa proposta de nomeamento ó alcalde.

Título X.- Presentación de documentos

Décimo quinta.- Documentos esixibles. O aspirante proposto achegará no Departamento de Persoal os seguintes documentos acreditativos de que posúen as condicións de capacidade e requisitos esixidos nas Bases:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, para os aspirantes de nacionalidade española. Para os aspirantes doutra nacionalidade, fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que deberá acompañarse do orixinal para compulsa) do título ó que se fai referencia na base segunda, ou xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición. No suposto de invocar un título equivalente ós esixidos, haberá de acompañarse un certificado expedido polo organismo competente que acredite a citada equivalencia. Do mesmo modo, non caso de títulos estranxeiros, deberá achegarse o documento oportuno que acredite a súa homologación.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións propias da categoría á que se accede, expedido por un colexiado en exercicio.

d) Declaración xurada ou promesa de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin incurso en incompatibilidade.

e) Se a persoa proposta estivese desempeñando outro posto que supoña a incursión en incompatibilidade, deberá proceder de acordo co artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ó servizo da Administración pública.

f) Acreditación da colexiación nun colexio de avogados de España.

Décimo sexta.- Prazo. O prazo de presentación de documentos será de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de anuncios da sede do concello da lista de aprobados.

Décimo sétima.- Falta de presentación de documentos. Conforme ó disposto no artigo 23.2 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional, dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado na base décimo sexta, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deduce que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Neste caso, procederase a solicita-la documentación detallada na base décimo quinta ó seguinte da lista de aprobados, seguindo a orde de puntuación, ó que se lle concederá un novo prazo de vinte días.

Título XI.- Nomeamento como funcionario de carreira

Décimo oitava.- Nomeamento. Unha vez concluído o proceso selectivo, o aspirante proposto que acredite que reúne os requisitos esixidos, será nomeado funcionario de carreira polo alcalde. O nomeamento deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Título XII.- Toma de posesión

Décimo novena.- Prazo. O aspirante nomeado funcionario de carreira deberá tomar posesión no prazo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ó servizo activo, contado desde a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Vixésima.- Forma. Para a toma de posesión, o interesado comparecerá durante calquera dos días expresados no apartado anterior, e en horas de 09.00 a 14.00, na Alcaldía, en cuxo momento, e como requisitos previos á extensión da dilixencia que a constate, deberán presta-lo xuramento ou promesa que prescribe a lexislación vixente e formula-la declaración xurada, nos impresos para o efecto establecidos, das actividades que estivesen a realizar.

Vixésimo primeira.- Efectos da falta de toma de posesión. A teor, igualmente, do disposto na base décimo novena, quen, sen causa xustificada, non tome posesión dentro do prazo sinalado, non adquirirá a condición de funcionario e perderá tódolos dereitos derivados das probas selectivas e do subseguinte nomeamento conferido.

Así mesmo, dende a toma de posesión, o funcionario quedará obrigado a utiliza-los medios que para o exercicio das súas funcións poña á súa disposición o Concello de Xinzo de Limia, e posuirá os dereitos e obrigacións inherentes ó posto.

Título XIII.- Réxime xurídico e réxime de impugnación

Vixésimo segunda.- Réxime xurídico. No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración local, o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de galicia.

Vixésimo terceira.- Impugnación. Estas bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Anexo I

Baremo de valoración de méritos na fase de concurso para a provisión dunha praza de letrado

Formación (máximo doce (12) puntos)

-Por cada mestrado relacionado co temario da convocatoria impartido por organismo públicos ou privados debidamente homologados: 2,5 puntos por mestrado ata un máximo de cinco (5) puntos.

-Por realización de cursos de formación ou perfeccionamento, impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, no marco de Formación Continua ou debidamente homologados relacionados co temario da convocatoria, ata un máximo de cinco (5) puntos. A escala de baremación será a seguinte:

- Cursos de menos de 20 horas; 0,25 puntos.
- Cursos de 20 a 50 horas; 0,50 puntos.
- Cursos de 51 a 100 horas; 0,75 puntos.
- Cursos de 101 a 150 horas; 1, 00 puntos.
- Cursos de máis de 150 horas ; 1,50 puntos.

Cursos de galego: (só se presentará e será válido o de superior categoría): máximo un (1) punto

- Celga 5; 1 punto
- Linguaxe administrativa nivel superior; 0,75 puntos
- Linguaxe administrativa nivel medio; 0,50 puntos

Cursos de ofimática: (máximo un (1) punto)

- cursos de máis de 50 horas; 0.50 puntos

- cursos de mais de 100 horas; 1.00 puntos

Experiencia profesional (máximo oito (8) puntos)

- Por cada mes de servizos efectivos prestados na Administración local, na que o aspirante gozase dunha relación laboral nun grupo de igual ou superior categoría (A1 ou laboral asimilado); 0,34 puntos/mes e ata un máximo de oito (8) puntos.

- Por cada mes de servizos efectivos prestados en administración distinta da local, na que o aspirante gozase dunha relación laboral nun grupo de igual ou superior categoría (A1 ou laboral asimilado); 0,17 puntos/mes e ata un máximo de catro (4) puntos.

- Por cada ano como letrado en exercicio adscrito a colexio profesional en España; 0.25 puntos/ano e ata un máximo de catro (4) puntos

Xustificacións dos méritos alegados.

Os méritos alegados na solicitude polos/as interesados/as deberán ser xustificados presentando a documentación orixinal ou fotocopias debidamente compulsadas.

Os méritos alegados e non xustificados coa documentación determinada no apartado seguinte non se valorarán.

De acordo con este baremo para cada mérito alegado presentaranse os seguintes documentos:

- Os mestrados xustificaranse co correspondente título oficial, resgardo da solicitude deste ou certificación académica.

- Os cursos de formación recibidos, co certificado ou diploma de asistencia ou docencia e programa oficial do curso con indicación do número de horas lectivas.

- A experiencia na Administración deberá xustificarse mediante o correspondente informe de vida laboral e contrato de traballo ou nomeamento corporativo, ou certificado expedido polo órgano competente da Administración onde constatará o grupo (A1 ou asimilado) con expresión do tempo durante o cal o desempeñou.

- A experiencia como avogado en exercicio acreditarase mediante certificado do colexio ó que está adscrito o aspirante.

Anexo II

Temario para a provisión de unha praza de letrado

Materias xerais.

A. Dereito constitucional, organización do Estado e da Administración pública.

1- A Constitución. Concepto e clases. O poder constituínte. Principios xerais. A reforma constitucional.

2- Dereitos e deberes dos españois. Garantías. Suspensión. Protección xurisdicional: o Tribunal Constitucional. O Defensor do Pobo.

3- A Coroa na Constitución española. Funcións constitucionais do rei, sucesión. A rexencia e a tutela. O referendo.

4- O poder lexislativo. Composición, atribucións e funcionamento das Cortes Xerais. Elaboración das leis.

5- O Goberno e a Administración do Estado. Relacións entre o Goberno e o poder lexislativo. A Lei do Goberno.

6- O poder xudicial. Principios Constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O xurado. O Tribunal Supremo. O Ministerio Fiscal. Organización xudicial española. O poder xudicial e as entidades locais.

7- Comunidades autónomas. Estatutos. Organización. Competencias. Comunidade autónoma de Galicia.

8- Ordenamento xurídico comunitario e Constitución. As institucións europeas: a Comisión, o Parlamento, o Consello e o Tribunal de Xustiza. Outras institucións europeas. A Unión Europea.

